



Concello de Vigo
Expte. 4055/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 17/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** extraordinario organizativo do 3.07 e ordinario do 31.07.2023.

Ditames das comisións informativas:

PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 2.** Proposta para a composición do Consello Municipal da Muller. Expte. 12338/224 (Expte. Pleno 4016/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2023. Expte. 81/142 (Expte. Pleno 4017/1101).
- 4.** Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3033/500 (Expte. Pleno 4025/1101.).
- 5.** Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3034/500 (Expte. Pleno 4026/1101).
- 6.** Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do IVTM. Expte. 3035/500 (Expte. Pleno 4027/1101).
- 7.** Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3036/500 (Expe. Pleno 4028/1101).
- 8.** Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 1 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3037/500 (Expte. Peno 4029/1101).

9. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes. Expte. 3038/500 (Expte. Pleno 4030/1101).
10. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. Expte. 3039/500 (Expte. Pleno 4031/1101).
11. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3040/500 (Expte. Pleno 4032/1101).
12. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. Expte. 3041/500 (Expte. Pleno 4033/1101).
13. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de medio ambiente e vida saudable. Expte. 3042/500 (Expte. 4034/1101).
14. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar. Expte. 3044/500 (Expte. Pleno 4035/1101).
15. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos na "Galería de servizos de Navia". Expte. 3045/500 (Expte. Pleno 4036/1101).
16. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. Expte. 3046/500 (Expte. Pleno 4037/1101).
17. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3047/500 (Expte. Pleno 4038/1101).
18. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para este e participación noutras actividades ou programas. Expte. 3048/500 (Expte. Pleno 4039/1101).
19. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3049/500 (Expte. Pleno 4040/1101).
20. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. Expte. 3050/500 (Expte. Pleno 4041/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 2 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

21. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes. Expte. 3051/500 (Expte. 4042/1101).
22. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta "Vigo-Zoo". Expte. 3054/500 (Expte. Pleno 4043/1101).
23. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos e subministración de auga potable, rede de sumidoiro, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 3052/500 (Expte. 4044/1101).
24. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos. Expte. 3027/500 (Expte. Pleno 4045/1101).
25. Aprobación inicial da Adaptación do texto da ordenanza fiscal das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais-XER á redacción do artigo 20 do TRLRFL , pasando a ser a ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de estacionamento de vehículos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo. Expte. 3053/500 (Expte. Pleno 4046/1101).

URBANISMO

26. Proposta de ampliación de prazo para acadar a aprobación provisional do documento de revisión do PXOM do Concello de Vigo. Expte. 710/406 (Expte. Pleno 4051/1101).

Mocións:

27. Moción do grupo municipal do Partido Popular contra a tramitación dunha Lei de Amnistía e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4061/1101.
28. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de Loita contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil, dotado con recursos económicos e medidas efectivas, e outros acordos complementarios. Expte. 4063/1101.
29. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Xunta de Galicia a acometer a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo, así como a mellorar os seus accesos. Expte. Pleno 4064/1101.
30. Moción do grupo municipal Socialista a instar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra a continuar co compromiso dun financiamento conxunto do 50% para a execución do proxecto da NOVA GRADA DE GOL. Expte. 4065/1101.
31. Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo tanto ao Presidente da Xunta de Galicia, os investimentos necesarios para que os centros públicos de Vigo teñan unhas infraestruturas adecuadas á nova realidade educativa. Expte. Pleno 4066/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 3 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 32.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle son propias. Expte. Pleno 4067/1101.

PARTE DE CONTROL

- 33.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 29.08 ao 18.09.23. Expte. 1548/1102 (Expe. Pleno 4056/1101).
- 34.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 29.08 ao 18.09.23. Expe. 1549/1102 (Expte. Pleno 4057/1101).

Mocións.

- 35.** Moción do grupo municipal do BNG propoñendo unha serie de medidas para poñer fin ao abandono dos barrios e parroquias da cidade. Expte. Pleno 4062/1101.

36. Formulación de rogos.

37. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gomez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Losada Alvarez, Abel Fermín
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 4 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NON ASISTEN:

Rivas González, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(142). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIO ORGANIZATIVO DO 3.07 E ORDINARIO DO 31.07.2023.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: extraordinaria organizativo do 3.07.23 e ordinaria do 31.07.23.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(143). PROPOSTA PARA A COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER. EXPTE. 12338/224 (EXPTE. PLENO 4016/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de setembro de 2023, a Xefa de Igualdade co conforme da concelleira delegada de Igualdade e Comercio e da concelleira de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, emite o seguinte informe proposta,

“Os artigos VIII e IX do Regulamento do Consello Municipal da Muller, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do 26 de febreiro de 1993, BOPPO núm. 68 do 13 de abril de 1993, dispoñen que o Consello Municipal da Muller contará cos seguintes cargos unipersonais de responsabilidade, e que formarán a Mesa do Consello: presidenta, vicepresidenta e secretaria, e que a presidenta será a corporativa na que delegue o Alcalde.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 5 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por Resolución de data 30 de xuño de 2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023, o Alcalde delegou a presidencia do Consello Municipal da Muller na Concelleira delegada de Igualdade e Comercio, Ana Laura Iglesias González.

Así mesmo, o artigo XIII do citado Regulamento establece que as integrantes do Consello Municipal da Muller serán renovadas, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación municipal, polo que, despois de constituírse o goberno municipal, procede que as institucións e organizacións interesadas designen ás súas representantes no Consello. Ademais, o artigo III establece o réxime e periodicidade das sesións.

Trala constitución da nova Corporación o pasado día 17 de xuño de 2023, o Servizo de Igualdade solicitou a cada unha das institucións e organizacións interesadas a designación da súa representante, titular e suplente, para a constitución do novo Consello Municipal da Muller.

O día 7 de setembro de 2023, previa convocatoria da Concelleira delegada de Igualdade e Comercio, celebrouse a sesión constitutiva do novo Consello Municipal da Muller, na que se aprobou a súa composición e o calendario anual das xuntanzas ordinarias.

A disposición adicional primeira do Regulamento do Consello dispón que "O C.M.M. aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal. Asemade aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias." Por isto, o Acordo adoptado polo Consello na data do 7 de setembro de 2023 aprobando a súa composición e o calendario anual das xuntanzas ordinarias sométese a ditame da Comisión Informativa de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística con carácter previo ao seu sometemento ao Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación.

Unha vez ditaminada pola Comisión Informativa, SOLICÍTASE que se eleve ao Pleno a seguinte proposta de acordo..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, na súa sesión ordinaria do 18.09.23, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

"Ratificación da composición do Consello Municipal da Muller consonte o previsto nos artigos II, III, VIII, XIII e na disposición adicional primeira do seu Regulamento aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do día 26 de febreiro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 6 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1993, toda vez que foron presentadas as acreditacións das representantes de cada entidade participante, e que queda como segue:

- Presidenta: D^a Ana Laura Iglesias González, por delegación do Alcalde mediante a Resolución de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023
- Grupos municipais existentes na Corporación
 - GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:
 - Titular: D^a Helena Rodríguez Giráldez
 - Suplente: D^a Raquel Caride González
 - GRUPO MUNICIPAL DO PP:
 - Titular: D^a Luisa M^a Sánchez Méndez
 - Suplente: D^a Irene Garrido Valenzuela
 - GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
 - Titular: D^a Ana Martínez Piñeiro
 - Suplente: D^a Carmela González Iglesias
- Asociacións de mulleres:
 - ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA:
 - Titular: D^a Áurea González González
 - Suplente: D^a Rita Demelo Medraño
 - ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA:
 - Titular: D^a Concepción Martínez Rodríguez
 - Suplente: D^a María del Carmen Fernández Crespo
 - MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS:
 - Titular: D^a Luisa Ocampo Pereira
 - Suplente: D^a Paula Fernández Otero
 - ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS:
 - Titular: D^a Montserrat Lamas González
 - Suplente: D^a María Concepción Regueiro Digón
 - ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO:
 - Titular: D^a Rosa Fontaíña Pazos
 - Suplente: D^a María del Rosario Otero Rodríguez
 - ESCOLA DE MULLERES SOLIDARIAS ÁREA METROPOLITANA DE VIGO:
 - Titular: D^a Ángeles Arias Miño
 - Suplente: D^a Isabel López Lorenzo
 - ASOCIACIÓN MULLERES EN IGUALDADE:
 - Titular: D^a Carmen Raña Villa
 - Suplente: D^a Almudena Álvarez Carrera
 - ASOCIACIÓN VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO:
 - Titular: D^a Carmen Rodal González
 - Suplente: D^a Luz Iglesias Herrero
 - ASOCIACIÓN EMPRESARIAS DE GALICIA:
 - Titular: D^a María del Mar Ferrero Cuesta
 - Suplente: D^a María Teresa Martínez Castro
 - ASOCIACIÓN NÓS MESMAS:
 - Titular: D^a Beatriz Fernández Barciela
 - Suplente: D^a Soledad Torres Guijarro
- Representantes das secretarías da muller dos sindicatos
 - SECRETARÍA DA MULLER DA CIG:
 - Titular: D^a Esther Mariño Costales
 - Suplente: D^a Raquel Pérez Fernández
 - SECRETARÍA DA MULLER DE CC.OO.:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 19/01/2024 12:28

Páxina 7 de 278

4105-1101

CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Titular: D^a Purificación Bernárdez Álvarez
 - Suplente: D^a Antía García Villanueva
- SECRETARÍA DA MULLER DA UXT:
 - Titular: D^a Laura Amez Muras
 - Suplente: D^a Mónica Suárez Silva
- Convidadas (con voz pero sen voto):
 - UNIDADE DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO:
 - Titular: D^a Águeda Gómez Suárez
 - Suplente: D^a Mar Fernández Cendón
 - FOANPAS:
 - Titular: D^a Bertila Fernández Pérez
 - Suplente: D^a Olga Alonso Vasconcellos
 - SERVIZOS MUNICIPAIS
 - Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller
- Secretaria, designación da Concelleira de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 11 de agosto de 2023
 - Titular: D^a Cristina Gómez García
 - Suplente: D^a Mar Soto García
 -

Así mesmo, propónse como data para o calendario anual de xuntanzas deste ano 2023: xoves, 9 de novembro de 2023”.

3.(144). DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO 2024. EXPTE. 81/142 (EXPTE. PLENO 4017/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 12 de setembro de 2023, que di o que segue,

“Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2024.

Estado de gastos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau.

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Quedan incorporados os axustes de consolidación correspondentes ao Grupo, cuxa contía e detalle queda reflectida na táboa que se achega.

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 8 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Capítulo	2023				Créditos iniciais		Variación
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	2024			
				Estimado	Obl.Recoñecidas		
1	80.697.075,30	81.335.660,06		73.368.628,79	82.910.442,48	2,74 %	
2	153.210.865,91	167.237.881,57		158.808.720,39	159.066.293,42	3,82 %	
3	57.030,00	57.030,00	1,95	54.253,50	52.030,00	-8,77 %	
4	27.886.868,09	35.434.755,32	95,00%	33.747.387,11	32.078.472,17	15,03 %	
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00	0,00 %	
G. Corrente NF	262.451.839,30	284.665.326,95		265.978.989,78	274.707.238,06	4,67 %	
6	28.977.301,70	112.628.258,11		66.259.949,96	32.133.548,62	10,89 %	
7	739.444,00	6.640.918,38		2.885.298,24	2.545.731,79	244,28 %	
G. capital NF	29.716.745,70	119.269.176,49		69.145.248,20	34.679.280,41	16,70 %	
G. Non Financ.	292.168.585,00	403.934.503,44		335.124.237,99	309.386.518,47	5,89 %	
8	532.000,00	532.000,00		395.800,00	532.000,00	0,00 %	
Total	292.700.585,00	404.466.503,44		335.520.037,99	309.918.518,47	5,88 %	

Axustes de Consolidación

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	5.829.965,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	650.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	200.000,00
		6.679.965,00

Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).

Capítulo	2023				Prev.iniciais		Variación
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	2024			
				Estimado	Der. Rcoñecidos		
1	112.173.330,00	112.173.330,00	100,00%	112.173.330,00	117.410.785,66	4,67 %	
2	10.615.870,00	10.615.870,00	100,00%	11.146.663,50	10.922.786,87	2,89 %	
3	42.898.121,32	42.998.121,32	105,00%	45.044.820,84	44.870.252,00	4,60 %	
4	105.244.172,81	108.411.308,55	98,00%	115.903.190,03	122.228.708,67	16,14 %	
5	2.936.252,62	2.991.252,62	100,00%	3.212.015,25	5.404.000,00	84,04 %	
I. Corrente NF	273.867.746,75	277.189.882,49		287.480.019,62	300.836.533,20	9,85 %	
6	,00	,00		,00	,00	0,00 %	
7	18.300.838,25	22.956.210,21	80,00%	26.239.559,81	6.643.697,48	-63,70 %	
I. capital NF	18.300.838,25	22.956.210,21	114,30%	26.239.559,81	6.643.697,48	-63,70 %	
Total I. NF	292.168.585,00	300.146.092,70	104,52%	313.719.579,43	307.480.230,68	5,24 %	
8	532.000,00	104.320.410,74	75,00%	395.800,00	2.438.287,79	358,32 %	
Total	292.700.585,00	404.466.503,44	77,66%	314.115.379,43	309.918.518,47	5,88 %	

Desagregación capítulo 1 e 2 do estado de ingresos.

Concepto	Liquidación 2023	2024
IBI	68.801.000,00	71.603.000,00
BICI	2.500.000,00	2.970.000,00
IAE	13.784.000,00	13.961.000,00
IVTM	14.900.000,00	15.325.630,00
IIVTNU	4.728.793,50	5.400.000,00
ICIO	2.750.000,00	2.901.000,00
irpf+ive+iiee	15.856.200,00	16.172.942,53



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 9 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA						
Capítulos	2023			Estimación ingr.	2024	
	D.Axustados	Obrigas	Sperávit/déficit		Gatos	Superávit/déficit
1	111.408.620,77	73.368.628,79		117.410.785,66	82.910.442,48	
2	11.005.910,70	158.808.720,39		10.922.786,87	159.066.293,42	
3	40.473.975,24	54.253,50		44.868.252,00	52.030,00	
4	115.903.190,03	33.747.387,11		122.228.708,67	32.078.472,17	
5	3.212.015,25	0,00		5.404.000,00	600.000,00	
O.correntes N.F	282.003.711,99	265.978.989,78	16.024.722,21	300.834.533,20	274.707.238,06	26.127.295,14
6	0,00	66.259.949,96		,00	32.133.548,62	
7	26.239.559,81	2.885.298,24		6.643.697,48	2.545.731,79	
Op. Capital N.F	26.239.559,81	69.145.248,20	-42.905.688,39	6.643.697,48	34.679.280,41	-28.035.582,93
O.N.financeiras	308.243.271,80	335.124.237,99	-26.880.966,18			
	Axuste CN, liquidación 2020		6.847.405,53			2.987.006,20
	Axuste CN, PTE		181.217,89			
	Axuste gasto pt. De aplicar		2.375.670,17			
	Axuste FMRR		224.319,26			
	Necesidade de financiamento		-17.252.353,33			1.078.718,41

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2023.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 18.09.2023, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2024.

4.(145). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 3033/500 (EXPTE. PLENO 4025/1101.).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 10 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL), artigo 74.5.
- Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 28 de setembro de 2022 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

I.- Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

II.- Modifícase o artigo 41 nos seguintes aspectos:

- no apartado 1, por motivos de eficiencia na xestión de cobro, establécese a cifra de 30€ como o importe mínimo de cotas mensuais de fraccionamentos.

- no apartado 2, mellórase o tratamento da unidade familiar a efectos de ter dereito a aprazamentos excepcionais.

III.- Efectúanse corrección de tipo técnico propostas pola Recadación Municipal no artigo 46 BIS para mellorar a xestión de fraccionamento automático sen devindicación de xuros da totalidade dos tributos de cobro periódico dun mesmo obrigado ao pagamento.

IV.- No artigo 73.B, amplíase o importe do IPREM ao 1,5 deste indicador a efectos de inembargabilidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 11 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral non terá repercusión económica.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 12 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1):

CAPITULO IV
A DÉBEDA TRIBUTARIA

...

ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo RD 939/2005 do 29 de xullo, e nesta Ordenanza.

Por razóns de economía e eficiencia na xestión de cobro, a cota mínima mensual resultante do fraccionamento solicitado non poderá ser inferior a 30€.

2. Prazos e requisitos:

Engádese ao final do apartado 2.2 e antes do apartado 2.2 a) o seguinte texto: Conforme ao disposto no apartado 1 deste artigo que establece unha cota mínima para cada fracción de 30€, o número de prazos poderá ser inferior a 12 no caso de débedas inferiores a 360 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 19/01/2024 12:28

Páxina 13 de 278

4105-1101

CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Se o número de prazos a aplicar cando o importe da débeda dividido entre os prazos solicitados fose inferior a 30, non sería posible acceder ao número de prazos solicitados. Neste caso, o resultado de dividir o importe a fraccionar entre 30 determinará o número de prazos, tomando o cociente enteiro.

2.2. a).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non teñen a condición de empresarias ou profesionais:

A unidade familiar á que pertenza o/a titular da débeda debe de ter unha renda bruta conxunta anual inferior aos seguintes importes:

1) 2 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se non hai ningunha persoa menor de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar.

2) 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se hai algunha persoa menor de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar

3) 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) calculado en 14 pagas, se hai dúas ou máis persoas menores de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar.

ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

3.

a) Non manter co Concello de Vigo débedas en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, agás que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

6. Cotas. A Administración efectuará, en cada exercicio, unha estimación do importe da cota que a persoa interesada debe pagar en cada fracción en función dos recibos dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior.

A dita cota recalcularase automaticamente cando se coñeza o importe a pagar en cada exercicio.

7. En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, teranse en conta as altas, baixas e as modificacións dos distintos obxectos tributarios, sen necesidade de que a persoa interesada o solicite.

CAPITULO. V

PROCEDIMENTO DE RECADACIÓN

ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO

2. Excepcionalmente, naquelas contas nas que os únicos ingresos sexan os procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos últimos doce meses non supere o importe do 1,5 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) e, as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión para os efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 14 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

débedas tributarias e a/o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ao remate do prazo de vinte días naturais dende o día seguinte á data da traba, aos efectos de que a Administración poida ordenar o levantamento da retención antes de que a entidade bancaria execute o embargo, nos termos recollidos no apartado 6 do artigo 79 do Regulamento Xeral de Recadación.

O importe do fraccionamento mensual será o 5% do importe do soldo, salario ou pensión mensual. Considérase soldo, salario ou pensión mensual o resultado de dividir o importe total ingresado por estes conceptos no último ano entre doce. En calquera caso, o suxeito pasivo poderá solicitar o fraccionamento por importe superior.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 15 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1)”

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1):

CAPITULO IV A DÉBEDA TRIBUTARIA

...

ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo RD 939/2005 do 29 de xullo, e nesta Ordenanza.

Por razóns de economía e eficiencia na xestión de cobro, a cota mínima mensual resultante do fraccionamento solicitado non poderá ser inferior a 30€.

2. Prazos e requisitos:

Engádese ao final do apartado 2.2 e antes do apartado 2.2 a) o seguinte texto: Conforme ao disposto no apartado 1 deste artigo que establece unha cota mínima para cada fracción de 30€, o número de prazos poderá ser inferior a 12 no caso de débedas inferiores a 360 euros.


Se o número de prazos a aplicar cando o importe da débeda dividido entre os prazos solicitados fose inferior a 30, non sería posible acceder ao número de prazos solicitados. Neste caso, o resultado de dividir o importe a fraccionar entre 30 determinará o número de prazos, tomando o cociente enteiro.

2.2. a).- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non teñen a condición de empresarias ou profesionais:

A unidade familiar á que pertenza o/a titular da débeda debe de ter unha renda bruta conxunta anual inferior aos seguintes importes:

1) 2 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se non hai ningunha persoa menor de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar.

2) 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se hai algunha persoa menor de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 16 de 278
	4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

3) 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) calculado en 14 pagas , se hai dúas ou máis persoas menores de 25 anos e sen ingresos na unidade familiar.

ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

3.

a) Non manter co Concello de Vigo débedas en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, agás que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

6. Cotas. A Administración efectuará, en cada exercicio, unha estimación do importe da cota que a persoa interesada debe pagar en cada fracción en función dos recibos dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior.

A dita cota recalcularase automaticamente cando se coñeza o importe a pagar en cada exercicio.

7. En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, teranse en conta as altas, baixas e as modificacións dos distintos obxectos tributarios, sen necesidade de que a persoa interesada o solicite.

CAPITULO. V

PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN

ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO

2. Excepcionalmente, naquelas contas nas que os únicos ingresos sexan os procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos últimos doce meses non supere o importe do 1,5 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) e , as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión para os efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a débedas tributarias e a/o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ao remate do prazo de vinte días naturais dende o día seguinte á data da traba, aos efectos de que a Administración poida ordenar o levantamento da retención antes de que a entidade bancaria execute o embargo, nos termos recollidos no apartado 6 do artigo 79 do Regulamento Xeral de Recadación.

O importe do fraccionamento mensual será o 5% do importe do soldo, salario ou pensión mensual. Considérase soldo, salario ou pensión mensual o resultado de dividir o importe total ingresado por estes conceptos no último ano entre doce. En calquera caso, o suxeito pasivo poderá solicitar o fraccionamento por importe superior.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 17 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.”

5.(146). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 3034/500 (EXPTE. PLENO 4026/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo (en adiante, Lei 49/2002) - en trámite modificación extendendo beneficios fiscais IBI a outras confesións relixiosas, distintas da Igrexa Católica.
- Lei 8/2012 de 29 de xuño de vivenda de Galicia
- Decreto 17/2016 de 18 de febreiro polo que se crea e regula o censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 12/2023, de 24 de abril, polo dereito á vivenda

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro do 2019 aprobouse a última actualización de tipos impositivos na Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do IBI.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 18 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas, aprobados en sesión plenaria do 04.09.19, tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata maio de 2019.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, que son os de xuño de 2023 para o índice xeral nacional do IPC e os do conxunto do ano 2023 para os restantes indicadores. O período base da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que as persoas contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC alcanzou o 15,38% nese período, fronte á conxelación dos tributos locais. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 15,38%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios de facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes, entre os anos 2020 e 2023, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos en torno aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 12,51%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 12,21%; e os salarios pactados en convenio, o 8,70%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2024.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 72 os límites máximos e mínimos nos que deben moverse os tipos de gravame deste imposto. A súa aplicación ao noso Concello determina un tipo máximo do 0,90% nos inmobles de natureza rústica, un 1,23% nos inmobles de natureza urbana e un 1,3% nos inmobles de características especiais.

A proposta que se formula implica unha actualización nos tipos vixentes dende 1 de xaneiro de 2020 para inmobles de natureza rústica, urbana e BICES nun 4%.

Respecto dos tipos impositivos diferenciados para inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións unha determinada contía de valor catastral, a porcentaxe de actualización será do 4,5%. Respecto destes usos diferenciados aos que resulta de aplicación o tipo diferenciado, debemos adecuar o código de uso previsto no artigo 8.5 ao criterio fixado polo Tribunal Supremo na súa Sentenza 412/2023, do 31 de xaneiro, que no seu Fundamento Xurídico Cuarto estableceu: *“ Los artículos 72.4 y disposición transitoria 15ª TRLHL deben ser interpretados en el sentido de que los usos de los bienes inmuebles que habilitan la imposición de un tipo de gravamen agravado o cualificado, en las condiciones y con los límites de la primera de las normas citadas, son los que indica la mencionada transitoria, por la remisión expresa que efectúa al cuadro de coeficientes del valor de las construcciones, sin que por tanto sea admisible respecto de usos combinados o de segundo y sucesivos grados distintos de los que figuran en la columna denominada usos en el referido cuadro”.*

Segundo o anterior, os usos que figuran no cadro de coeficientes de valor das construcións no Real Decreto 1020/1993, do 25 de xuño, polo que se aproban as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construcións para determinar o valor catastral dos bens



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 19 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inmubles de natureza urbana non inclúen o uso de “almacenamento-estacionamento”. Os inmobles que ata agora caían incluídos neste código de uso pasarán a formar parte do uso industrial. Tense advertido a omisión do uso “edificios singulares”, que se engade a partir dun valor catastral igual ou superior a 450.000€.

d) Actualízase na mesma porcentaxe que os tipos impositivos o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a aplicación de bonificacións na cota relativas á vivenda habitual de familias numerosas. Este beneficio constitúe un gasto fiscal neste imposto de aproximadamente 100.000€ no presente exercicio.

O conxunto dos beneficios fiscais, de aplicación neste imposto, recollidos nos artigos 62, 73 e 74 do TRLRFL e outra lexislación sectorial supera, no vixente exercicio a cifra de 5.165.000 €.

e) Respecto da bonificación con vixencia a partir do ano 2023 para instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar para inmobles de uso residencial, cómpre acomodar a redacción do apartado b) do artigo 6.5.1 á realidade tecnolóxica actual substituíndo a redacción actual por outra que abarque tanto as instalacións que producen electricidade como as que producen calor.

f) En relación ao recargo a vivendas desocupadas, adecúase o artigo 8.6 da Ordenanza ao disposto no artigo 74.2 do TRLRFL, na redacción pola Lei 12/2023, de 24 de abril, polo dereito á vivenda.

g) Por razóns de carácter técnico da xestión do imposto, modifícase o artigo 12.4, aumentando o prazo para solicitar a aplicación do sistema especial de pagamento do IBI. O cargo do padrón catastral na segunda quincena do mes de febreiro de cada ano e as gravacións das distintas bonificacións recollidas na ordenanza reguladora do presente imposto realizadas ata finais de marzo de cada ano, aconsella aumentar o prazo para que a solicitude teña efectos no exercicio en curso ata o 31 de marzo de cada ano.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmubles de Natureza Urbana así como na partida do Imposto de Bens Inmubles de Características Especiais do próximo exercicio 2024:

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello para a aprobación do padrón de IBI de bens urbanos do presente exercicio 2023 acadaríamos un importe de 68.800.000€ polo que o impacto orzamentario da actualización do 4% sería de 2.752.000€. O impacto da actualización do 4% sobre os ingresos estimados en 2023 polo imposto dos BICES (2.500.000€) sería de 100.000€, aos que hai que engadir a tributación da AP9 sen bonificación do 95%, que ascenderá a 370.000€.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2024 da presente modificación acadaría o importe de 2.752.000€ no concepto 11200 do presuposto de ingresos e 470.000€ no concepto 11400.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 20 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 21 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS.

3.

a) Se os importes brutos anuais das persoas que integran a familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.780 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.780 € e 8.666 €, a bonificación será do 50%.

5.1.

b) Que se aporte proxecto ou memoria técnica asinada polo órgano competente.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,946%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,704%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,946%

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,965% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

USO	V.CATASTRAL	TIPO
Industrial	igual ou superior a 125.000€	0,965
Comercial	igual ou superior a 125.000€	0,965
Ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	0,965
Oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,965
Deportivo	igual ou superior a 450.000€	0,965
Espectáculos	igual ou superior a 175.000€	0,965
Edificio singular	igual ou superior a 450.000€	0,965

Substituír o terceiro parágrafo do artigo 8.6 polo seguinte texto: Para a aplicación do presente recargo considerarase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente, aquel que teña estado desocupado de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos.

Para a aplicación do presente recargo considerarase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente no exercicio a considerar, aquel inmovible que teña figurado no padrón municipal de habitantes sen ningunha persoa inscrita durante os 24 últimos meses anteriores á data de devengo do recargo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 22 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Substituír o cuarto parágrafo do artigo 8.6 polo seguinte texto: Igualmente, considerarase desocupado con carácter permanente o inmoble cando, aínda que existira inscrición no padrón municipal de habitantes, durante os 24 últimos meses a media de consumo de auga fose inferior a 2,5 m3/mes.

ARTIGO 10.- XESTION.

6. As alteracións relativas aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.

As liquidacións/recibos do padrón deste imposto relativas a altas e modificacións catastrais non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alta ou modificación catastral ao suxeito pasivo do imposto.

ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

4. A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de abril do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos

DISPOSICIÓN FINAIS.

2. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte..."

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 23 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES”

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS.

3.

a) Se os importes brutos anuais das persoas que integran a familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.780 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.780 € e 8.666 €, a bonificación será do 50%.

5.1.

b) Que se aporte proxecto ou memoria técnica asinada polo órgano competente.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,946%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,704%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,946%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 24 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,965% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

USO	V.CATASTRAL	TIPO
Industrial	igual ou superior a 125.000€	0,965
Comercial	igual ou superior a 125.000€	0,965
Ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	0,965
Oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,965
Deportivo	igual ou superior a 450.000€	0,965
Espectáculos	igual ou superior a 175.000€	0,965
Edificio singular	igual ou superior a 450.000€	0,965

Substituír o terceiro parágrafo do artigo 8.6 polo seguinte texto: Para a aplicación do presente recargo considerárase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente, aquel que teña estado desocupado de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos.

Para a aplicación do presente recargo considerárase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente no exercicio a considerar, aquel inmovible que teña figurado no padrón municipal de habitantes sen ningunha persoa inscrita durante os 24 últimos meses anteriores á data de devengo do recargo.

Substituír o cuarto parágrafo do artigo 8.6 polo seguinte texto: Igualmente, considerárase desocupado con carácter permanente o inmovible cando, aínda que existira inscrición no padrón municipal de habitantes, durante os 24 últimos meses a media de consumo de auga fose inferior a 2,5 m3/mes.

ARTIGO 10.- XESTION.

6. As alteracións relativas aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.

As liquidacións/recibos do padrón deste imposto relativas a altas e modificacións de titular catastral non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alteración catastral ao suxeito pasivo do imposto.

ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

4. A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de abril do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos

DISPOSICIÓN FINAIS.

2. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 25 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

6.(147). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IVTM. EXPTE. 3035/500 (EXPTE. PLENO 4027/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro do 2019 aprobouse a última actualización de tipos impositivos na Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do IVTM.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas, aprobados en sesión plenaria do 04.09.19, tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata maio de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 26 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, que son os de xuño de 2023 para o índice xeral nacional do IPC e os do conxunto do ano 2023 para os restantes indicadores. O período base da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que as persoas contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC alcanzou o 15,38% nese período, fronte á conxelación dos tributos locais. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 15,38%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios de facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes, entre os anos 2020 e 2023, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos en torno aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 12,51%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 12,21%; e os salarios pactados en convenio, o 8,70%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2024.

Polo que se refire ao imposto de vehículos de tracción mecánica, a súa capacidade recadadora ven diminuindo nos últimos ano pola substitución de vehículos turismos de categorías de maior potencia por outros de menor potencia fiscal, así como do número de vehículos de categoría camión, industria e de servizos.

A mais do anterior, o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir os beneficios fiscais deste imposto van en continuo crecemento: bonificacións por baixa emisión de CO2, vehículos híbridos, eléctricos, exención en vehículos históricos, vehículos para persoas de mobilidade reducida e os conducidos por persoas con discapacidade, vehículos oficiais, sanitarios e outros recollidos no artigo 93 do TRLRFL. No exercicio 2023 o importe dos beneficios fiscais por este imposto ascendeu a 2.067.100€. No exercicio 2017 ascendía a 1.660.000€

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 95 os límites máximos que poden acadar os importes das tarifas deste imposto, dentro dos que están as propostas no presente expediente.

A proposta que se formula implica unha actualización nas tarifas do imposto vixentes dende 1 de xaneiro de 2020 nun 4%, cos límites que marca o artigo 95 do TRLRF.

d) Engádense correccións de tipo técnico nos artigos 4 e 8 da Ordenanza fiscal, neste último caso para clarificar a forma de tributar dos vehículos que están en baixa temporal por causas diferentes a substración ou robo de vehículos.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do próximo exercicio 2024:

- polo que se refire ao grupo de vehículos turismos, o impacto orzamentario positivo ascende a 372.630€ debido a que dúas categorías son actualizadas un 4%, unha categoría un 2,6% e as dúas restantes non poden ser actualizadas por estaren no límite máximo que marca o artigo 95 do TRLRFL.

- polo que se refire ao resto dos vehículos, a excepción de ciclomotores e motocicletas ata 125 cc dos que se emiten recibo polo escaso importe, o impacto orzamentario será de 53.000€, grupo no que tamén hai actualizacións ao 4% e outras ao 2% por aplicación do citado artigo 95 do TRLRFL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 27 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por tanto, o impacto orzamentario para o 2024 será de 425.630€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 28 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.”

Substitúese o cuarto parágrafo do punto 1.5 do artigo 4 polo seguinte texto:

“As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios por máis dun vehículo simultaneamente. Téndose solicitado ou téndose concedido a exención para un vehículo e non tendo variado as circunstancias, non se aprobarán novas exencións para o mesmo suxeito pasivo.

Suprímese o quinto parágrafo do punto 4.d do artigo 4 por estar regulado no artigo 5.

Suprímese o sexto parágrafo do punto 4.d do artigo 4 por estar regulado no artigo 5.

Substitúese o terceiro parágrafo do apartado 5 do artigo 4 polo seguinte texto:

“Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación se realizara en territorio español e sempre e cando non houbesen sido obxecto de rematriculación. Noutro caso, deberá solicitarse achegando documentación que acredite a antigüidade e, en caso favorable, producirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude”.

ARTIGO 6.- COTA.

1.

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais.....	24,18 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	67,29 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais.....	143,88 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais.....	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas.....	166,56 €
B.2. de 21 a 50 prazas.....	237,28 €
B.3. de máis de 50 prazas.....	296,60 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 29 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil.....	84,97 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil.....	166,56 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil.....	237,28 €
C.4 de máis de 9999 kg. de carga útil.....	296,60 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais.....	32,19 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais.....	51,58 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais.....	154,60 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 999 kg. carga útil.....	35,31 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil.....	55,54 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil.....	166,60 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores.....	4,60 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.....	4,60 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.....	9,46 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.....	21,16 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.....	42,28 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.....	84,45 €

ARTIGO 8.- XESTIÓN.

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. O ingreso deberá ingresarse con carácter previo á matriculación.

No caso de vehículos que recuperen a súa aptitude para circular, tendo sido anteriormente baixa temporal no Rexistro de Tráfico por motivo diferente ao de sustracción ou robo do vehículo, deberá ser obxecto de autoliquidación e ingreso a cota correspondente á totalidade do período impositivo anual no que teña lugar a nova alta do vehículo, sen que proceda o prorrateo trimestral da cota, en aplicación do disposto no artigo 96.3 do Texto refundido na Lei reguladora das facendas locais.

Os formularios están dispoñibles na <https://sede.vigo.org>, e deberán ser cumprimentados e realizado o ingreso, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

4. As persoas titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ao cobro do Imposto sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto devindicadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas.

As modificacións a que se refire o parágrafo anterior non precisarán de notificación individualizada respecto dos recibos do padrón de vehículos de tracción mecánica do ano seguinte á data na que se produzan as correspondentes comunicacións á Xefatura Provincial de Tráfico.

Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están ao cobro dende o 1 de xaneiro. Se a data na que a persoa interesada debe formular a correspondente alteración é



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 30 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anterior ao período de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ao exercicio ou parte deste, no caso de baixa definitiva, polo procedemento de autoliquidación.

Exceptúase da referida obriga de acreditación do pagamento do último recibo presentado ao cobro o suposto de baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 31 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.”

Substitúese o cuarto parágrafo do punto 1.5 do artigo 4 polo seguinte texto:

“As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios por máis dun vehículo simultaneamente. Téndose solicitado ou téndose concedido a exención para un vehículo e non tendo variado as circunstancias, non se aprobarán novas exencións para o mesmo suxeito pasivo.

Suprímese o quinto parágrafo do punto 4.d do artigo 4 por estar regulado no artigo 5.

Suprímese o sexto parágrafo do punto 4.d do artigo 4 por estar regulado no artigo 5.

Substitúese o terceiro parágrafo do apartado 5 do artigo 4 polo seguinte texto:

“Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación se realizara en territorio español e sempre e cando non houbesen sido obxecto de rematriculación. Noutro caso, deberá solicitarse achegando documentación que acredite a antigüidade e, en caso favorable, producirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude”.

ARTIGO 6.- COTA.

1.

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais.....	24,18 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	67,29 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais.....	143,88 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais.....	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas.....	166,56 €
B.2. de 21 a 50 prazas.....	237,28 €
B.3. de máis de 50 prazas.....	296,60 €

C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil.....	84,97 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil.....	166,56 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil.....	237,28 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 32 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

C.4 de máis de 9999 kg. de carga útil.....296,60 €

D. TRACTORES COTA ANUAL

D.1. de menos de 16 cabalos fiscais.....32,19 €
 D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais.....51,58 €
 D.3. de máis de 25 cabalos fiscais..... 154,60 €

**E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS
 POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA COTA ANUAL**

E.1. máis de 750 kg a 999 kg. carga útil..... 35,31 €
 E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil..... 55,54 €
 E.3. máis de 2999 kg. de carga útil..... 166,60 €

F. OUTROS VEHÍCULOS COTA ANUAL

F.1. Ciclomotores.....4,60 €
 F.2. Motocicletas ata 125 cc.....4,60 €
 F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.....9,46 €
 F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.....21,16 €
 F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.....42,28 €
 F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.....84,45 €

ARTIGO 8.- XESTIÓN.

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. O ingreso deberá ingresarse con carácter previo á matriculación.

No caso de vehículos que recuperen a súa aptitude para circular, tendo sido anteriormente baixa temporal no Rexistro de Tráfico por motivo diferente ao de sustracción ou robo do vehículo, deberá ser obxecto de autoliquidación e ingreso a cota correspondente á totalidade do período impositivo anual no que teña lugar a nova alta do vehículo, sen que proceda o prorrateo trimestral da cota, en aplicación do disposto no artigo 96.3 do Texto refundido na Lei reguladora das facendas locais.

Os formularios están dispoñibles na <https://sede.vigo.org>, e deberán ser cumprimentados e realizado o ingreso, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

4. As persoas titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ao cobro do Imposto sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto devindicadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas.

As modificacións a que se refire o parágrafo anterior non precisarán de notificación individualizada respecto dos recibos do padrón de vehículos de tracción mecánica do ano seguinte á data na que se produzan as correspondentes comunicacións á Xefatura Provincial de Tráfico.

Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están ao cobro dende o 1 de xaneiro. Se a data na que a persoa interesada debe formular a correspondente alteración é anterior ao período de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ao exercicio ou parte deste, no caso de baixa definitiva, polo procedemento de autoliquidación.

DISPOSICIÓN FINAIS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 33 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

7.(148). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 3036/500 (EXPE. PLENO 4028/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto sobre Actividades Económicas.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro do 2019 aprobouse a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre actividades económicas (IAE).

Segundo O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOESF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas, aprobados en sesión plenaria do 04.09.19, tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata maio de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 34 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 119 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Visto o informe xurídico do 10/08/2023 e o informe de fiscalización do 24/08/2023, dáse conta do informe-proposta do 09/08/2023, asinado pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos/xeфа da Inspección, a directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- No exercicio 2013 foi aprobada a presente Ordenanza Fiscal coa información relevante dos custes que naquel exercicio ocasionaba o mantemento da galería de servizos de Navia, así como a información das empresas que naquel momento utilizaban a galería.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 01.08.2023, para acomodar as cotas a satisfacer polas empresas usuarias aos custes de mantemento que soporta o Concello na actualidade e beneficia especialmente a ditas empresas..

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do Concello.

Segundo os estudos económicos que obran no expediente o custe total derivado do mantemento da galería de servizos de Navia ascendería para 2024 a un total de 193.999€. A este custe réstase un 20% en concepto do beneficio social que á veciñanza da Galería lle reporta o feito de non ter habitualmente zanzas e calas abertas nas beirarrúas. A diferenza 158.700€ debe repartirse entre as empresas usuarias en función de determinados indicadores de ocupación: unidades de bandexa e unidades de tubería/conducción. Resulta así que as empresas operadoras privadas satisfarán 143.900€ por terse restado 14.800€ correspondentes a ocupacións do Concello con alumeado público e tubería de rego e 14.800€ correspondentes a Telefónica de España S.A. quen achega ao Concello unha compensación prevista na Lei 15/1987, do 30 de xuño.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 120 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo o exposto anteriormente, as empresas operadoras privadas deberán ingresar ao Concello no exercicio 2024 a cantidade de 143.900€, polo que o concepto orzamentario 30604 terá un impacto positivo 83.900€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 121 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA Nº 25 DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA "GALERÍA DE SERVIZOS DE NAVIA".

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito impoñible da presente taxa a prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na vixilancia, mantemento e reparación das Galerías de Servizos Municipais, que afecten ou beneficien ás empresas usuarias das citadas Galerías por teren instalados nelas tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento.

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da presente taxa as empresas usuarias das Galerías, que fosen titulares de tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento que se instale nas Galerías de Servizos obxecto de mantemento Municipal.

ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria total será o importe do custe do servizo -minorado entre un 10%-20%- por razóns de interese xeral.

A cota tributaria individual será o resultado de repartir a cota tributaria total entre as diferentes usuarias do servizo e determinarase conforme as seguintes regras:

1. Establécese unha cota polo uso da galería por cada unidade-bandexa de 60 cm² de sección (10cm x 6cm) de 7.400€/ano. No caso de que a ocupación se realice en bandexas de 20 cm de ancho, ou superior a 10 cm de ancho tributará como dúas unidades.

2. Establécese unha cota polo uso da galería por cada tubería e conducción eléctrica de ata 16 cm de diámetro, de 12.500€/ano. No caso de tuberías ou conducións eléctricas nas que a superficie da sección sexa superior á equivalente a 16 cm de diámetro (201,06 cm²), a cota incrementarase proporcionalmente á superficie da sección.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 122 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. A cota mínima anual para cada empresa usuaria do servizo será de 7.400€/ano, con independencia do grao de ocupación da galería. Esta cota mínima xustifícase no compoñente de custos xerados pola xestión individual de cada empresa usuaria (permisos, control de accesos, consumo eléctrico, etc.).

4. Tendo en conta as regras anteriores, a cota tributaria aplicada para cada rede presente nas galerías de Navia será a seguinte:

* Rede identificada como “Unión Fenosa”: 79.600 €/ano, correspondente a 4 unidades-bandexa e a 4 unidades tubería-condución eléctrica.

* Rede identificada como “R. Cable y Telecomunicacións”: 14.800 €/ano, correspondente a 2 unidades-bandexa.

* Rede identificada como “Aqualia”: 12.500€/ano, correspondente a 1 unidade tubería-condución eléctrica.

* Rede identificada como “Comenersol”: 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

* Rede identificada como “Digi Spain Telecom”: 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

* Rede identificada como “Vodafone”: 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

A identificación das redes de tuberías, cables, fíos de condución eléctrica e demais realizada neste punto 4 non implica a determinación da empresa suxeito pasivo da taxa, que se define de acordo co artigo número 2 da presente Ordenanza e coa normativa tributaria vixente.

5. No caso de que a ocupación das galerías se modificase con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2024, o servizo de xestión tributaria variará a cota imputable a cada suxeito pasivo de acordo coa situación de feito, aplicando as cotas previstas no punto 1, 2 e 3.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

1.- As empresas usuarias das Galerías, suxeitos pasivos desta taxa practicarán autoliquidación e ingreso da mesma por períodos semestrais, no primeiro mes de cada semestre ou no mes seguinte no caso de inicio de utilización da Galería.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 123 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA Nº 25 DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA “GALERÍA DE SERVIZOS DE NAVIA”.

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na vixilancia, mantemento e reparación das Galerías de Servizos Municipais, que afecten ou beneficien ás empresas usuarias das citadas Galerías por teren instalados nelas tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 124 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da presente taxa as empresas usuarias das Galerías, que fosen titulares de tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento que se instale nas Galerías de Servizos obxecto de mantemento Municipal.

ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria total será o importe do custe do servizo -minorado entre un 10%-20%- por razóns de interese xeral.

A cota tributaria individual será o resultado de repartir a cota tributaria total entre as diferentes usuarias do servizo e determinarase conforme as seguintes regras:

1. Establécese unha cota polo uso da galería por cada unidade-bandexa de 60 cm² de sección (10cm x 6cm) de 7.400€/ano. No caso de que a ocupación se realice en bandexas de 20 cm de ancho, ou superior a 10 cm de ancho tributará como dúas unidades.

2. Establécese unha cota polo uso da galería por cada tubería e conducción eléctrica de ata 16 cm de diámetro, de 12.500€/ano. No caso de tuberías ou conducións eléctricas nas que a superficie da sección sexa superior á equivalente a 16 cm de diámetro (201,06 cm²), a cota incrementárase proporcionalmente á superficie da sección.

3. A cota mínima anual para cada empresa usuaria do servizo será de 7.400€/ano, con independencia do grao de ocupación da galería. Esta cota mínima xustifícase no compoñente de custos xerados pola xestión individual de cada empresa usuaria (permisos, control de accesos, consumo eléctrico, etc.).

4. Tendo en conta as regras anteriores, a cota tributaria aplicada para cada rede presente nas galerías de Navia será a seguinte:

* Rede identificada como "Unión Fenosa": 79.600 €/ano, correspondente a 4 unidades-bandexa e a 4 unidades tubería-conducción eléctrica.

* Rede identificada como "R. Cable y Telecomunicacións": 14.800 €/ano, correspondente a 2 unidades-bandexa.

* Rede identificada como "Aqualia": 12.500€/ano, correspondente a 1 unidade tubería-conducción eléctrica.

* Rede identificada como "Comenersol": 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

* Rede identificada como "Digi Spain Telecom": 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

* Rede identificada como "Vodafone": 7.400€/ano correspondente a 4 unidades-bandexa.

A identificación das redes de tuberías, cables, fíos de conducción eléctrica e demais realizada neste punto 4 non implica a determinación da empresa suxeito pasivo da taxa, que se define de acordo co artigo número 2 da presente Ordenanza e coa normativa tributaria vixente.

5. No caso de que a ocupación das galerías se modificase con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2024, o servizo de xestión tributaria variará a cota imputable a cada suxeito pasivo de acordo coa situación de feito, aplicando as cotas previstas no punto 1, 2 e 3.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 125 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

1.- As empresas usuarias das Galerías, suxeitos pasivos desta taxa practicarán autoliquidación e ingreso da mesma por períodos semestrais, no primeiro mes de cada semestre ou no mes seguinte no caso de inicio de utilización da Galería.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

16.(157). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPTE. 3046/500 (EXPTE. PLENO 4037/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións.
- Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 126 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. ANTECEDENTES

Primeiro.- No ano 2012 aprobouse a última actualización de tarifas relativas ao feito impositivo de “entradas de vehículos ao interior de edificios, fincas ou locais”.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación da presente ordenanza no relativo á actualización de tarifas relativas a entradas de vehículos ao interior de edificios, fincas ou locais” con data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tarifas contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) No presente expediente, constan como anexo datos oficiais obtidos do INE de variación do índice xeral de prezos dende febreiro de 2013 ata marzo de 2023 que resulta ser dun 19%, así como variación do índice nacional de vivenda en aluguer que resulta ser un 6,6%.

Ningún destes indicadores determinaríase, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formulan no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa que a carga tributaria da ocupación de dominio público con “vados” ten diminuído nos últimos anos en termos reais nunha porcentaxe que oscilaría entre o 6,6% e o 19% mencionados anteriormente.

No presente expediente, fórmase unha actualización das tarifas do epígrafe G do artigo 4.4 nun 4%, porcentaxe moi inferior á evolución dos indicadores de prezos.

Consta no expediente informe técnico-económico para estimar o valor da utilidade derivada dos aproveitamentos especiais regulados nesta Ordenanza fiscal, tomando como referencia os prezos medios de aluguer por metro cadrado e ano de locais comerciais para cada categoría fiscal.

As novas tarifas propostas para o epígrafe G) do artigo 4 desta ordenanza relativas a entrada de vehículos dan cumprimento ao disposto no artigo 24.1 do TRLRFL.

c) Fórmase unha corrección de tipo técnico na tributación do feito impositivo B) Ocupación de terreos de dominio público local con andamios, puntais, aspillas, andamios e outras instalacións análogas que reducirá a carga tributaria deste aproveitamento.

- non se computan as superficies ocupadas por marquesiñas instaladas exclusivamente para a seguridade de paso de peóns no caso de que estas sexan paralelas e adosadas ás superficies ocupadas polo andamio, sendo a superficie non computable o resultado de multiplicar a lonxitude do andamio polo ancho que determine o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

- non se computarán tampouco superficies ocupadas por valados e andamios durante o tempo que medie entre a data final dunha demolición e a data de comezo da nova construción, sendo a superficie non computable o resultado de multiplicar a lonxitude do valado ou andamio por 0,5 metros de ancho.

- amplíase a 180 días o período no que se reducen as taxas ao 50% no caso de obras cuxo orzamento de execución material supere a cifra de 5 millóns de euros.

Asimismo, o artigo 4.7 para evitar a dobre tributación da ocupación de dominio público nos casos en que se trate de prazas de aparcamento incluídas na zona XER.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 127 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 24.1 os requisitos que ten que cumprir a contía das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en particular é aplicable o apartado a) *“tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público”*.

Segundo o contido do informe técnico-económico que consta no expediente, cumpríntase a anterior previsión legal.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria no concepto 33100 do orzamento de ingresos: entrada de vehículos para o próximo exercicio 2024:

Segundo os datos de execución do presente orzamento de ingresos, os dereito recoñecidos no concepto 331.00 ascenden a 1.900.000€, sendo o impacto orzamentario para o 2024 derivado da presente actualización de 76.000€.

Non resulta relevante o impacto orzamentario pola redución da tributación de andamios.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 128 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da:

ORDENANZA Nº 30 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACION PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS.

Substitúese o segundo parágrafo polo seguinte texto:

Nas taxas relativas o apartado G) do artigo anterior, serán persoas substitutas do contribuínte, obrigadas ao pagamento das taxas, os/as propietarios/as dos edificios, fincas ou locais a que dan acceso as entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os/as respectivos/as beneficiarios/as.

ARTIGO 4.- COTAS.

4. Tarifas.

Epígrafe B) Valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

Por m2 ou fracción, e día ou fracción.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 129 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
0,90	0,90	0,75	0,75	0,70	0,65

Durante os 90 primeiros días de ocupación, as anteriores tarifas terán unha redución do 50%.

As obras cuxo orzamento de execución material supere os 5 millóns de euros, a redución do 50% ampliarase aos 180 primeiros días de ocupación.

Non se computarán, a efectos desta taxa as superficies ocupadas por casetas descontaminantes de amianto.

Non se computarán superficies ocupadas por marquesiñas instaladas exclusivamente para a seguridade de paso peonil no caso de que estas sexan paralelas e adosadas ás superficies ocupadas polo andamio. A superficie non computable será o resultado de multiplicar o ancho mínimo imprescindible que determine o Departamento de Seguridade e Mobilidade para o paso de peóns pola lonxitude do andamio.

Non se computarán superficies ocupadas por valados ou andamios durante o tempo que medie entre a data final dunha demolición e a data de comenzo da nova construción. A superficie máxima non computable será o resultado de multiplicar a lonxitude do valado ou andamio por 0,50 metros de ancho.

Epígrafe G) Entradas de vehículos a través de beirarrúas e terreos de dominio público local, por cada catro metros lineais ou fracción e por cada entrada e ano:

a) Garaxes particulares de vivendas unifamiliares ou fincas e recintos particulares ao aire libre, con capacidade máxima para catro vehículos:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
124,20	113,65	83,00	62,05	41,10	30,35 €

b) Garaxes de comunidade e privados para uso exclusivo de vivendas:

b.1. ata 10 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
259,95	234,15	155,70	124,20	104,20	51,45 €

b.2. de 11 a 25 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
363,25	327,90	217,85	174,65	145,30	76,80 €

b.3. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
520,95	457,90	301,85	249,40	208,35	104,20 €

b.4. de 51 a 75 prazas

Categorías rúas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 130 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
781,05	687,35	452,95	374,80	312,70	155,70	€

b.5. de 76 a 100 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
1041,85	937,55	593,60	489,25	395,60	197,75	€

b.6. de 101 a 150 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
1458,85	1312,50	830,85	685,45	553,45	276,05	€

b.7. de 151 a 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
2042,10	1837,40	1163,45	958,80	776,15	387,15	€

b.8. máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
3126,20	2865,10	1771,45	1458,85	1155,85	583,15	€

c) Garaxes abertos ao público

c.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
364,10	312,70	187,15	155,70	124,20	62,05	€

c.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
520,95	452,95	259,95	208,35	155,70	104,20	€

c.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
729,45	625,20	364,10	259,95	208,35	155,70	€

c.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
1563,10	1406,70	812,60	729,45	572,45	468,30	€

c.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a	
3126,20	2813,65	1667,30	1458,85	781,05	729,45	€

d) Garaxes de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes/as:



d.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
312,70	259,95	145,30	104,20	83,00	51,45 €

d.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
520,95	416,80	259,95	208,35	166,25	104,20 €

d.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
781,05	635,20	457,90	312,70	249,40	155,70 €

d.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
1563,10	1250,30	1020,90	625,20	499,80	312,70 €

d.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
3126,20	2813,65	1667,30	1250,30	729,45	625,20 €

e) Entradas a establecementos comerciais, industriais ou de servizos

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
259,95	228,35	155,70	124,20	104,20	51,45 €

Cando a entrada se utilice por dous ou máis usuarios/as, aplicarase a cada un deles a cota que corresponda segundo a aplicación das distintas tarifas incluídas no presente epígrafe G, cunha redución do 25%.

Substitúese o noveno parágrafo do apartado 5 do artigo 4 polo seguinte texto:

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido as persoas usuarios/as dos servizos de subministracións a que se refire este epígrafe 5.

Substitúese o terceiro parágrafo do apartado 6 do artigo 4 polo seguinte texto:

Cando a ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública ou as obras necesarias para isto supoñan a inutilización de todo ou en parte de prazas de aparcadoiro a que se refire a Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante Parquímetros Expendedores de Billetes na Cidade de Vigo, a persoa interesada deberá indemnizar ao Concello ou, no seu caso, ao contratista, dos eventuais prexuízos que se lle causen coa ocupación cun máximo de 6€ praza e día.

7. As cotas calculadas segundo o disposto neste artigo correspondentes aos epígrafes A), B), C), D) F) e H), cando as ocupacións do dominio público afecten a prazas de aparcamento regulado na Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública mediante parquímetros expendedores de billetes na cidade de Vigo, serán substituídas polas cotas a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 132 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ingresar pola concesionaria segundo a Ordenanza nº 62 de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario relativas ao servizo XER.

No caso de superficies nas que o dominio público ocupado sexa parte no ámbito da concesión do servizo XER e outra parte en beirarrúa, procederán dous ingresos, un ingreso na concesionaria pola superficie ocupada relativa á zona de estacionamento e outro ingreso, pola superficie restante, ao Concello, calculado conforme á presente Ordenanza.

Suprímense os dous últimos parágrafos do apartado 7.

ARTIGO 6.- NORMAS SOBRE INGRESO.

1. No momento da presentación de solicitudes de licenzas por usos privativos ou aproveitamentos especiais, os suxeitos pasivos ingresarán por autoliquidación o importe das taxas que correspondan segundo o disposto nos artigos 4 e 5 desta Ordenanza referidas ao exercicio corrente, salvo que os servizos técnicos municipais xestores do servizo, por motivos debidamente xustificadas, autoricen a súa autoliquidación nun momento posterior da tramitación do expediente.

3. Os/as titulares de caxeiros automáticos deberán practicar autoliquidación da correspondente cota anual segundo do epígrafe A.5 do artigo 4 durante o primeiro trimestre do ano natural

4. Os/as solicitantes de aproveitamentos sinalados no apartado B), C) e H) do Artigo 1º, deberán formular, solicitude/autoliquidación de taxas por todo o tempo solicitado. Dito documento poderá descargarse da páxina Web do Concello.

Substitúese o cuarto parágrafo do apartado 4 do artigo 6 polo seguinte texto:

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos de Vías e Obras e Circulación Viaria, as persoas solicitantes estarán obrigadas a formular a baixa do aproveitamento.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para poder desfrutar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas do dominio público, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna autorización. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as autorizacións mediante subasta pública conforme ao Prego de Condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 deste texto.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. ou razón social e C.I.F. da persoa solicitante, correo electrónico, domicilio fiscal, situación do aproveitamento e o seu prazo de duración (máximo 90 anos).

No caso de que os aproveitamentos por entradas de vehículos foran detectados a través de actuacións inspectoras ou comprobacións de campo, a Administración Tributaria poderá iniciar expediente de solicitude de autorización do aproveitamento por entradas de vehículos-referenciado catastralmente tanto con datos gráficos como alfanuméricos-, no caso de que na visita realizada, o/a titular catastral da finca, titular da actividade económica, inquilino/a ou ocupante conforme a dereito, manifestara fehacientemente a súa vontade de regularizar o aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polas persoas interesadas concedéndose as licenzas de non atopar diferencias coas peticións e conforme ás normas vixentes no Concello en relación ao tráfico, limpeza, non obstaculizar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 133 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

calzada e beirarrúas, seguridade e outras. Se se desen diferencias coas declaracións, notificaranse as persoas interesadas e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación de intereses de demora e a sanción correspondente.

8. No caso dos aproveitamentos que figuran nos epígrafes B), C), D) e F) do artigo 1º os/as titulares das licenzas deberán depositar antes de retirar a licenza, fianza para responder dos posibles danos que poidan ocasionarse no dominio público, dos posibles gastos de reconstrución ou reparación do dominio público, na contía que determine os departamentos de Urbanismo, Infraestrutura e Obras, Circulación Viaria e/ou o departamento competente, segundo corresponda.

A estes efectos e de conformidade co previsto no artigo 34 da Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as Consequintes Ocupacións necesarias para a implantación de Servizos na Vía Pública, o/a solicitante deberá presentar no prazo dos 15 días seguintes á notificación da licenza de obras e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, fianza para responder polos danos e prexuízos que poda sufrir o dominio público con ocasión ou como consecuencia, directa ou indirecta, da execución das mesmas, por importe do 10% do seu custo incluído no presuposto presentado ou na licenza, no caso de que o mesmo fora modificado por aquela.

No caso de que o aproveitamento supoña a execución de obras no dominio público coa conseguinte remoción de pavimentos e de conformidade co previsto na Ordenanza Xeral Reguladora das Obras e as Consequintes Ocupacións necesarias para a implantación de Servizos na Vía Pública e no artigo 4.d) da Ordenanza Fiscal nº 24 Reguladora das Taxas pola Prestación do Servizo de Control de Calidade, os solicitantes xunto coa súa solicitude deberán acreditar ter ingresado na Tesourería Municipal o 4% do presuposto de execución material da obra a que corresponda. O importe ingresado será provisional a resultas da liquidación que proceda á finalización da obra e sen prexuízo da súa devolución se a licenza fora denegada.

9. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o/a beneficiario/a, sen prexuízo do pago da taxa a que houberse lugar, estará obrigado/a ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe, se fora superior á fianza constituída ao efecto.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte..."

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se conten na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 134 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 153 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

ORDENANZA FISCAL Nº 50 REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN S.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licenza de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia, ARI de Santa Clara (Cabral), ARI de Beiramar, ARI de Espiñeiro (Teis), ARI de San Pablo e ARI de San Roque, así como aos programas de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, relativo aos Entornos residenciais de rehabilitación programada (barrios) de: Casco Vello, Bouzas, Coia Santa Clara (Cabral), Beiramar, Espiñeiro (Teis), San Pablo, San Roque, Fenosa, A Salgueira, Goxal e Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas.

ARTIGO 7.-

C) Outros servizos urbanísticos:

- 1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. 6,55 €
- 2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. 25,95 €
- 3.- Licenzas de parcelación urbanística, ou declaración de innecesariedade de parcelación, por cada parcela resultante. 50,75 €
- 4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa). 64,00 €
- 5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade.

5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”

- 5.1.1. Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha. 27,85 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 154 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.1.2. Vivendas de superficie construída entre 100 m2 e 250 m2, por cada unha. 111,95 €

5.1.3. Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha. 260,70 €

5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha. 14,35 €

5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un. 19,10 €

5.2.3. Baixos divididos, por cada un. 9,60 €

5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta. 14,35 €

5.3 OUTROS USOS

5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 1,80 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,40 €

5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m2 de superficie construída,

Por cada 10 m2 ou fracción. 2,65 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,50 €

6. Solicitud de declaración de ruína. 321,05 €

7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. 239,15 €

ARTIGO 8.-

2. No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, quen sexa titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 209,20 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 155 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 156 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 50 REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN.”

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licenza de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia, ARI de Santa Clara (Cabral), ARI de Beiramar, ARI de Espiñeiro (Teis), ARI de San Pablo e ARI de San Roque, así como aos programas de axuda ás actuación de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, relativo aos Entornos residenciais de rehabilitación programada (barrios) de: Casco Vello, Bouzas, Coia Santa Clara (Cabral), Beiramar, Espiñeiro (Teis), San Pablo, San Roque, Fenosa, A Salgueira, Gorxal e Alcalde Lavadores-Canicouva-Escolas Públicas.

ARTIGO 7.-

C) Outros servizos urbanísticos:

- 1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. 6,55 €
- 2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. 25,95 €
- 3.- Licenzas de parcelación urbanística, ou declaración de innecesariedade de parcelación, por cada parcela resultante. 50,75 €
- 4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa). 64,00 €
- 5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade.

5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”

- 5.1.1. Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha. 27,85 €
- 5.1.2. Vivendas de superficie construída entre 100 m2 e 250 m2, por cada unha. 111,95 €
- 5.1.3. Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha. 260,70 €

5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

- 5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha. 14,35 €
- 5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un. 19,10 €
- 5.2.3. Baixos divididos, por cada un. 9,60 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 157 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta. 14,35 €

5.3 OUTROS USOS

5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción. 1,80 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,40 €

5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m2 de superficie construída,

Por cada 10 m2 ou fracción. 2,65 €

Por cada 10 m2 de exceso. 0,50 €

6. Solicitud de declaración de ruína. 321,05 €

7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. 239,15 €

ARTIGO 8.-

2. No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, quen sexa titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 209,20 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 158 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

20.(161). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS. EXPTE. 3050/500 (EXPTE. PLENO 4041/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 3 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- A última modificación de tarifas desta ordenanza fiscal relativa ás licenzas de actividades e instalacións tivo lugar hai máis de dez anos.

Segundo.- Con data 28.07.2023 a Sra. Concelleira da Area de Goberno de Urbanismo formulou a proposta, segundo as directrices da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda, que se incorpora no presente expediente.

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, que son os de xuño de 2023 para o índice xeral nacional do IPC e os do conxunto do ano 2023 para os restantes indicadores. O período base da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que as persoas contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 159 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A variación do IPC alcanzou o 15,38% nese período, fronte á conxelación dos tributos locais. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 15,38%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios de facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes, entre os anos 2020 e 2023, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos en torno aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 12,51%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 12,21%; e os salarios pactados en convenio, o 8,70%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2024.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para o presente exercicio 2023 ascenden a 163.140,10€ fronte a un custo total do servizo de 1.024.575,49€. Isto significa unha cobertura do 15,92% procedente destas taxas.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) No presente expediente actualízase nun 4% as tarifas contidas no artigo 5.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos proporcionados pola Xerencia de Urbanismo no estudio económico que obra no expediente o impacto orzamentario previsible como consecuencia da actualización de tarifas proposta no presente expediente ascendería a 6.600€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 160 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEACV do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 161 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

ORDENANZA FISCAL Nº 51 REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

1.

1.1. Superficie do local:

ata 50 m ²		25,05 €
de 50 m ² a 150 m ²		30,10 €
de 150 m ² a 200 m ²		135,35 €
de 200 m ² a 500 m ²		270,75 €
de 500 m ² a 1.000 m ²		802,90 €
de 1.000 m ² a 2.000 m ²		1.505,85 €
de 2.000 m ² a 5.000 m ²		2.509,35 €
de máis de 5.000 m ²		3.513,85 €

1.2.

Potencia nominal:

Sen potencia ningunha		0 €
ata 10 CV		143,50 €
de 10 CV a 20 CV		191,10 €
de 20 CV a 25 CV		239,30 €
de 25 CV a 50 CV		287,10 €
de 50 CV a 100 CV		334,70 €

de máis de 100 CV; aplicarase á totalidade da potencia computable á tarifa de 3,30 € por CV

2.

Potencia:

Ata 2000 KVA 382,35 €

Polo exceso de 2000 KVA a 5000 KVA, incrementarase a tarifa anterior, por cada 100 KVA en fracción de exceso 23,80 €

Polo exceso de 5000 KVA ata 10000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 14,10 €

Polo exceso de 10.000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 9,55 €

5. Pola emisión, a instancia de parte, do informe de que a actividade se exerce de conformidade, liquidarase a taxa por importe de 56,50 euros.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Copia do documento - Concello de Vigo
4105-1101

Data impresión: 19/01/2024 12:28 Páxina 162 de 278
CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 163 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 51 REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS”.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

1.

1.1. Superficie do local:

ata 50 m2		25,05 €
de 50 m2 a 150 m2		30,10 €
de 150 m2 a 200 m2		135,35 €
de 200 m2 a 500 m2		270,75 €
de 500 m2 a 1.000 m2		802,90 €
de 1.000 m2 a 2.000 m2		1.505,85 €
de 2.000 m2 a 5.000 m2		2.509,35 €
de máis de 5.000 m2		3.513,85 €

1.2.

Potencia nominal:

Sen potencia ningunha		0 €
ata 10 CV		143,50 €
de 10 CV a 20 CV		191,10 €
de 20 CV a 25 CV		239,30 €
de 25 CV a 50 CV		287,10 €
de 50 CV a 100 CV		334,70 €

de máis de 100 CV; aplicarase á totalidade da potencia computable á tarifa de 3,30 € por CV

2.

Potencia:

Ata 2000 KVA 382,35 €

Polo exceso de 2000 KVA a 5000 KVA, incrementarase a tarifa anterior, por cada 100 KVA en fracción de exceso 23,80 €

Polo exceso de 5000 KVA ata 10000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 14,10 €

Polo exceso de 10.000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso 9,55 €

5. Pola emisión, a instancia de parte, do informe de que a actividade se exerce de conformidade, liquidarase a taxa por importe de 56,50 euros.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 164 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

21.(162). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 3051/500 (EXPTE. 4042/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro do 2019 aprobouse a última actualización das tarifas da presente Ordenanza.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIONES XURIDICAS E TECNICAS.

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas, aprobados en sesión plenaria do 04.09.19, tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata maio de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 165 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, que son os de xuño de 2023 para o índice xeral nacional do IPC e os do conxunto do ano 2023 para os restantes indicadores. O período base da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que as persoas contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC alcanzou o 15,38% nese período, fronte á conxelación dos tributos locais. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 15,38%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios de facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes, entre os anos 2020 e 2023, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos en torno aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 12,51%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 12,21%; e os salarios pactados en convenio, o 8,70%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2024.

c) A proposta contida no presente expediente consiste en actualizar nun 4% as tarifas contidas no artigo 3 da Ordenanza, así como os ingresos brutos anuais per cápita que constitúen o límite superior para outorgar exención destes prezos públicos, así como correccións de tipo lingüístico.

d) Dende a perspectiva legal, aínda que, o artigo 44.1 do TRLRFL, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custo previsto para 2024 ascende a 12.597.926€, sendo os ingresos previstos 1.949.000€, resultando unha cobertura do 15,47%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria que a actualización prevista desta ordenanza supoñerá nos conceptos orzamentarios correspondentes ás distintas instalacións deportivas (343.00 a 343.07): 77.840€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 166 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 52 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

ARTIGO 4. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO.

Resultan obrigadas ao pagamento destes prezos públicos, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que soliciten a entrada e/ou goce das instalacións comprendidas nesta ordenanza.

ARTIGO 5. REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS).

A.2.1 O alumnado integrante de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

A.2.2 O alumnado integrante de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.780 €.

ARTIGO 9.- PREZOS PÚBLICOS PARA ESPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS.

A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día.....4.593,00 euros + ive
- ½ día.....2.571,00 euros + ive
- Aluguer escenario.....23,00 euros m2 + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día.....642,00 euros + ive
- ½ día.....368,00 euros + ive

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

- Hora.....42,00 euros + ive

ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓNS, ADESTRAMENTOS.

a)

a.1.- EQUIPOS FEDERADOS:

- Categoría especial 230,00 €
- 1ª Categoría (un só equipo) 92,00 €
- 1ª Categoría (máis de un equipo) 138,00 €
- 2ª Categoría 69,00 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 92,00 €

c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 167 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	69,00€/partido
1º Categoría	33,00€/partido
2º Categoría	16,00€/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	16,00€/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	8,00€/partido

2. COMPETICIÓNS - EXHIBICIÓNS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)
 Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais.

Instalacións Sen taquilla €/hora Con taquilla €/hora

Pavillón Central	55,00	92,00
Outras Instalacións e campos de fútbol	32,00	55,00

O aluguer do pavillón Central para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

Squash, Tenis, Frontón e Pádel Sen taquilla €/hora Con taquilla €/hora

Catg Esp. e 1ª Cat.....	10,85	17,95
2ª Categoría.....	8,50	14,20

O aluguer das pistas de squash para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 15% na reserva por pista/hora.

Piscinas Cubertas: Sen taquilla €/hora Con taquilla €/hora

Catg Esp. e 1ª Cat.....	138,35	163,45
2ª Categoría.....	93,70	112,20

3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

Sen taquilla €/partido Con taquilla €/partido

Categoría especial.....	73,40	174,50
-------------------------	-------	--------

Ao aluguer do pavillón Central para partidos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/partido
Categoría especial.....	68,85
1ª Categoría.....	32,10
2ª Categoría.....	15,50



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 168 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)... 15,50€ partido

2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)... 7,80€ partido

4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

a) PAVILLÓN CENTRAL

€/hora

Categoría especial e 1ª categoría..... 13,75

Ao aluguer do pavillón Central para adestramentos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

Pista enteira €/hora Pista compartida €/hora

- Categoría especial e 1ª categoría ..8,65.....6,40

- 2ª Categoría.....5,95.....4,65

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

€/hora

1ª Categoría (un equipo).....5,00

2ª Categoría (un equipo).....2,75

d) PISTAS DE SQUASH.

€/hora

- Categoría especial e 1ª categoría.....6,40

- 2ª Categoría.....4,65

Ao aluguer das pistas de squash para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por pista/hora.

e) PISCINAS CUBERTAS.

prezo por rúa €/hora

- Categoría especial e 1ª categoría.....6,40

- 2ª Categoría.....4,65

Ao aluguer das piscinas para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por rúa/hora.

ARTIGO 11.- PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Persoa adulta.....3,40 €

1.2 Menores.....2,40 €

1.3 Tarifa reducida.....2,40 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1 Persoa adulta.....31,30 €

2.2 Menores.....21,15 €

2.3 Tarifa reducida.....21,15 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 169 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	5,00 €.....	45,25 €
b) 4 Xogadores/as	5,95 €.....	53,15 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	3,40 €.....	30,80 €
b) 4 Xogadores/as.....	5,00 €.....	45,25 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas.....	2,35
Instalacións descubertas.....	1,55

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana.

4.1.1. Tarifa ordinaria.....	17,50 €
4.1.2. Tarifa reducida.....	8,75 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana

4.2.1. Tarifa ordinaria.....	22,05 €
4.2.2. Tarifa reducida	11,00 €

4.3.- Cotas de abonos aos Ximnasios. (uso libre).

4.3.1 Persoas adultas (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	165,35 €.....	13,80 €
Persoas empadroadas.....	137,85 €.....	11,45 €

4.3.2 Menores (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	101,20 €.....	8,40 €
Persoas empadroadas.....	73,40 €.....	6,15 €

4.3.3 Tarifa reducida (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	101,20 €.....	8,40 €
Persoas empadroadas.....	73,40 €.....	6,15 €

4.3.4 Familiar

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	238,90 €.....	19,90 €
Persoas empadroadas.....	202,65 €.....	16,90 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista 2 xogadores/as (45 minutos).....	4,65 €.....	41,75 €

Cada xogador/a mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 11.1

6.- CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS

(actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

Pista enteira €/hora Pista compartida €/hora



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 170 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1ª Categoría.....31,45.....15,70
- 2ª Categoría15,708,50

7.- ABONADO/A PISCINA:

7.1.-Abono Piscina (individual)

Non Empadroad/a Empadroad/a

- Cota Mensual.....16,40 €.....12,25 €
- Cota Anual.....179,75 €.....134,85 €

7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

Non Empadroad/a Empadroad/a

- Tarifa reducida Cota Mensual.....10,85 €.....8,15 €
- Tarifa reducida Cota Anual.....119,80 €.....89,85 €

ARTIGO 12.- PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA.

1. PROGRAMAS CON PROFESOR/A (CURSOS NATACIÓN)

- 1.1. Persoas adultass/mes.....36,00 €
- 1.2. Menores/mes.....23,00 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios/as abonados/as ás piscinas.

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumnado/mes

- 2.1. Grupo colexios.....8,05 €
- 2.2. Outros programas.....4,40 € (*)

(*) No caso de actividade física e natación da 3ª idade, cota reducida de 7,12€

3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais:..... 46,00 €/alumno-a/curso

Actividades. medio acuático e escalada

(un só prazo):

118,56€/alumno-a/curso
(14,82 € x 8 meses)

Poderá solicitarse devolución do 90% do importe do prezo público correspondente ao Programa Municipal de Escolas Deportivas cuxa solicitude se realice antes do inicio da actividade. Non procederá devolución se a solicitude é posterior ao inicio da actividade.

ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS:

1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓNS E SIMILARES.

- Instalacións deportivas.....9,30 €/hora
- Piscinas cubertas.....93,70 €/hora

2. ENTIDADES PRIVADAS.

Instalacións deportivas

- Por Pavillón ou campo de fútbol.....32,10 €/hora
- Por Sala.....18,35 €/hora

Piscinas cubertas (enteira).....217,90 €/hora

Piscina Cuberta (por rúa)..... 37,00 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNÉ



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 171 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Renovación do carné.....2,20 €

4. SALAS DE REUNIÓNIS:

Sala de reunións:.....2,75 €/hora

ARTIGO 14.- OUTROS PREZOS PÚBLICOS:

Igualmente terán a condición de prezos públicos as achegas que realizan as persoas participantes en programas específicos e/ou para unha tempada deportiva, podendo aplicárselle a estes programas os prezos que correspondan dos aprobados nesta ordenanza, ou ben prezos distintos, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades das pesroas participantes e outros parámetros que directa ou indirectamente poñan de manifesto a capacidade económica familiar.

A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aquelas persoas participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos previstos no artigo 5 A2.1 e A2.2 desta Ordenanza. As contías restantes determinaranse no acto de aprobación do programa segundo os niveis de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do programa.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditames da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se conten na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNIS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 172 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 52 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

ARTIGO 4. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO.

Resultan obrigadas ao pagamento destes prezos públicos, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que soliciten a entrada e/ou goce das instalacións comprendidas nesta ordenanza.

ARTIGO 5. REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS).

A.2.1 O alumnado integrante de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

A.2.2 O alumnado integrante de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.780 €.

ARTIGO 9.- PREZOS PÚBLICOS PARA ESPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAI E OUTROS. A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día.....4.593,00 euros + ive
- ½ día.....2.571,00 euros + ive
- Aluguer escenario.....23,00 euros m2 + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAI.

- 1 día.....642,00 euros + ive
- ½ día.....368,00 euros + ive

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora.....42,00 euros + ive



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 173 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

a)

a.1.- EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	230,00 €
1ª Categoría (un só equipo)	92,00 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	138,00 €
2ª Categoría	69,00 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 92,00 €

c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	69,00€/partido
1º Categoría	33,00€/partido
2º Categoría	16,00€/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	16,00€/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	8,00€/partido

2. COMPETICIÓN - EXHIBICIÓN, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competición dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla	€/hora	Contaquilla	€/hora
Pavillón Central	55,00		92,00	
Outras Instalacións e campos de fútbol	32,00		55,00	

O aluguer do pavillón Central para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓN.

Squash, Tenis, Frontón e Pádel	Sen taquilla	€/hora	Con taquilla	€/hora
Catg Esp. e 1ª Cat.....	10,85		17,95	
2ª Categoría.....	8,50		14,20	

O aluguer das pistas de squash para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 15% na reserva por pista/hora.

Piscinas Cubertas:	Sen taquilla	€/hora	Con taquilla	€/hora
Catg Esp. e 1ª Cat.....	138,35		163,45	
2ª Categoría.....	93,70		112,20	

3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

_____	Sen taquilla €/partido	Con taquilla €/partido
-------	------------------------	------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 174 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Categoría especial.....73,40..... 174,50

Ao aluguer do pavillón Central para partidos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/partido
Categoría especial.....	68,85
1ª Categoría.....	32,10
2ª Categoría.....	15,50

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)... 15,50€ partido

2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)... 7,80€ partido

4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría.....	13,75

Ao aluguer do pavillón Central para adestramentos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira €/hora	Pistacompartida €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría ..	8,65.....	6,40
- 2ª Categoría.....	5,95.....	4,65

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

	€/hora
1ª Categoría (un equipo).....	5,00
2ª Categoría (un equipo).....	2,75

d) PISTAS DE SQUASH.

	€/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.....	6,40
- 2ª Categoría.....	4,65

Ao aluguer das pistas de squash para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por pista/hora.

e) PISCINAS CUBERTAS.

	prezo por rúa €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.....	6,40
- 2ª Categoría.....	4,65

Ao aluguer das piscinas para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por rúa/hora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 175 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 11.- PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Persoa adulta.....	3,40 €
1.2 Menores.....	2,40 €
1.3 Tarifa reducida.....	2,40 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1 Persoa adulta.....	31,30 €
2.2 Menores.....	21,15 €
2.3 Tarifa reducida.....	21,15 €

3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	5,00 €	45,25 €
b) 4 Xogadores/as	5,95 €	53,15 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	3,40 €	30,80 €
b) 4 Xogadores/as.....	5,00 €	45,25 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas.....	2,35
Instalacións descubertas.....	1,55

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana.

4.1.1. Tarifa ordinaria.....	17,50 €
4.1.2. Tarifa reducida.....	8,75 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana

4.2.1. Tarifa ordinaria.....	22,05 €
4.2.2. Tarifa reducida	11,00 €

4.3.- Cotas de abonos aos Ximnasios. (uso libre).

4.3.1 Persoas adultas (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	165,35 €	13,80 €
Persoas empadroadas.....	137,85 €	11,45 €

4.3.2 Menores (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	101,20 €	8,40 €
Persoas empadroadas.....	73,40 €	6,15 €

4.3.3 Tarifa reducida (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	101,20 €	8,40 €
Persoas empadroadas.....	73,40 €	6,15 €

4.3.4 Familiar

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	238,90 €	19,90 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 176 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Persoas empadroadas.....202,65 €..... 16,90 €

5.- SQUASH:

1 reserva Abono 10 usos/reservas

Reserva uso pista 2 xogadores/as

(45 minutos).....4,65 €.....41,75 €

Cada xogador/a mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 11.1

6.- CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS

(actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

Pista enteira €/hora Pista compartida €/hora

- 1ª Categoría.....31,45..... 15,70

- 2ª Categoría 15,708,50

7.- ABONADO/A PISCINA:

7.1.-Abono Piscina (individual)

Non Empadroado/a Empadroado/a

- Cota Mensual..... 16,40 €..... 12,25 €

- Cota Anual..... 179,75 €..... 134,85 €

7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

Non Empadroado/a Empadroado/a

- Tarifa reducida Cota Mensual..... 10,85 €.....8,15 €

- Tarifa reducida Cota Anual..... 119,80 €.....89,85 €

ARTIGO 12.- PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA.

1. PROGRAMAS CON PROFESOR/A (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Persoas adultas/mes.....36,00 €

1.2. Menores/mes.....23,00 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios/as abonados/as ás piscinas.

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumnado/mes

2.1. Grupo colexios.....8,05 €

2.2. Outros programas.....4,40 € (*)

(*) No caso de actividade física e natación da 3ª idade, cota reducida de 7,12€

3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais:..... 46,00 €/alumno-a/curso

Actividades. medio acuático e escalada

(un só prazo):

118,56€/alumno-a/curso

(14,82 € x 8 meses)

Poderá solicitarse devolución do 90% do importe do prezo público correspondente ao Programa Municipal de Escolas Deportivas cuxa solicitude se realice antes do inicio da actividade. Non procederá devolución se a solicitude é posterior ao inicio da actividade.

ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS:

1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓN E SIMILARES.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 177 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Instalacións deportivas.....9,30 €/hora
Piscinas cubertas.....93,70 €/hora

2. ENTIDADES PRIVADAS.

Instalacións deportivas
- Por Pavillón ou campo de fútbol.....32,10 €/hora
- Por Sala.....18,35 €/hora

Piscinas cubertas (enteira).....217,90 €/hora
Piscina Cuberta (por rúa).....37,00 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNÉ

Renovación do carné.....2,20 €

4. SALAS DE REUNIÓNIS:

Sala de reuniónis:.....2,75 €/hora

ARTIGO 14.- OUTROS PREZOS PÚBLICOS:

Igualmente terán a condición de prezos públicos as achegas que realizan as persoas participantes en programas específicos e/ou para unha tempada deportiva, podendo aplicárselle a estes programas os prezos que correspondan dos aprobados nesta ordenanza, ou ben prezos distintos, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades das pesroas participantes e outros parámetros que directa ou indirectamente poñan de manifesto a capacidade económica familiar.

A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aquelas persoas participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos previstos no artigo 5 A2.1 e A2.2 desta Ordenanza. As contías restantes determinaranse no acto de aprobación do programa segundo os niveis de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do programa.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

22.(163). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA "VIGO-ZOO". EXPTE. 3054/500 (EXPTE. PLENO 4043/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 178 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978. (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. (LBRL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. TRLRFL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia. (LRLG)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (en adiante Lei 39/2015)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse a última modificación da presente ordenanza fiscal (expte. 2593/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio ou superávit orzamentario establecida no artigo 11.4 da LOEOSF motiva a proposta de actualización de tipos impositivos contida no presente expediente.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, obriga a conectar de forma indisoluble ingresos e gastos para acadar o equilibrio orzamentario antedito.

b) Nos expedientes da última modificación de tipos impositivos e tarifas de taxas, aprobados en sesión plenaria do 04.09.19, tomáronse como referencia índices de prezos e de evolución económica ata maio de 2019.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, que son os de xuño de 2023 para o índice xeral nacional do IPC e os do conxunto do ano 2023 para os restantes indicadores. O período base da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que as persoas contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC alcanzou o 15,38% nese período, fronte á conxelación dos tributos locais. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 15,38%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios de facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos contribuíntes, entre os anos 2020 e 2023, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos en torno aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 12,51%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 12,21%; e os salarios pactados en convenio, o 8,70%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización das tarifas que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 179 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

importante que amosa as dificultades para cumprimentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2024.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL regula o relativo as taxas locais nos artigos 20 a 27 axustándose ao seu contido o articulado da vixente ordenanza fiscal.

Segundo estudio económico que obra no expediente os ingresos estimados para 2024 serán 130.000€ fronte a uns custos para o Concello de 1.672.597,53€ polo que a actualización que se propón no presente expediente do 4% sobre as tarifas vixentes dende 1 de xaneiro de 2024 cumpre estritamente a regulación legal ante dita ao tempo que a cobertura dos custos por esta taxa só acada un 7,7%.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL *“o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

Para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

d) Actualízanse os ingresos brutos per cápita ata 4.500€, por debaixo dos que procederá a exención desta taxa. Actualízase nun 3% o valor catastral total dos inmobles por debaixo do que, as persoas titulares teñen dereito a exención. Procédese, igualmente, a realizar correccións de tipo lingüístico.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello relativos ao cumprimento orzamentario das previsións para este exercicio 2023, o importe previsto para 2024 ascendería a 130.000€, sendo o impacto orzamentario para 2024 resultante desta actualización 2.800€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 180 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo informe do TEACV do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

ORDENANZA FISCAL Nº 53 REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA “VIGO-ZOO”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 181 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito impoñible destas taxas os servizos que presta “VIGO-ZOO”.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento das taxas reguladoras na presente Ordenanza os visitantes do Zoo de Vigo, os pais, nais, titores, titoras ou representantes legais en caso de menores.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentas de pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

a) As persoas menores de 3 anos.

Deberán ir acompañadas dos seus pais, nais, titores, titoras ou outras persoas responsables, e acreditar a súa idade exhibindo o seu D.N.I., libro de familia ou partida de nacemento.

b) As visitas escolares programadas de colexios que imparten ensino regrado radicados no termo Municipal de Vigo; así mesmo, colexios radicados noutros termos Municipais nos que os seus Concellos colaboren na financiación do “Servizo VigoZoo”.

A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Departamento de Educación de VigoZoo.

c) Estarán exentas das taxas reguladas na presente ordenanza, as persoas integrantes de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

e) As persoas guías turísticas, profesorado e monitores/as de grupos organizados (máximo 1 por cada 5 participantes)

g) As persoas monitores/as de persoas con diversidade funcional.

2. BONIFICACIÓNS:

b.2.- As visitas de grupos organizados. Considerarase como grupo organizado aquel que teña previa reserva organizada e programada polo Departamento de Educación de VigoZoo, debendo contar cun mínimo de 20 persoas. A bonificación aplicarase a cada compoñente en función da súa idade.

b.3.- O alumnado universitario que deberá acreditalo con carne ao efecto.

ARTIGO 4. COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (laborais).....2,70 €

No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos)3,35 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 182 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (laborais).....5,45 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (sábados tarde, domingos e festivos).....6,50 €

e) Abono anual persoal e intransferible:

- Bono familiar (familias de hasta 5 integrantes e cuxos fillos/as non superen os 18 anos).....32,40 €

- Bono individual.....19,40 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante:.....2,15 €

g) Grupos organizados persoas adultas:.....4,25 €

2. Tarifa reducida:

Por cada persoa:.....1,80 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

a) Persoas con carné xove.

b) Persoas con diversidade funcional.

c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

a) Menos de 4 horas77,95 €

b) Por cada xornada233,90 €

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Con data 30.08.2023, o Tribunal Económico Administrativo emite acordo favorable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 183 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 53 REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA “VIGO-ZOO”.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito impoñible destas taxas os servizos que presta “VIGO-ZOO”.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento das taxas reguladoras na presente Ordenanza os visitantes do Zoo de Vigo, os pais, nais, titores, titoras ou representantes legais en caso de menores.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentas de pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

a) As persoas menores de 3 anos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 184 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deberán ir acompañadas dos seus pais, nais, titores, titoras ou outras persoas responsables, e acreditar a súa idade exhibindo o seu D.N.I., libro de familia ou partida de nacemento.

b) As visitas escolares programadas de colexios que imparten ensino regrado radicados no termo Municipal de Vigo; así mesmo, colexios radicados noutros termos Municipais nos que os seus Concellos colaboren na financiación do “Servizo VigoZoo”.

A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Departamento de Educación de VigoZoo.

c) Estarán exentas das taxas reguladas na presente ordenanza, as persoas integrantes de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

e) As persoas guías turísticas, profesorado e monitores/as de grupos organizados (máximo 1 por cada 5 participantes)

g) As persoas monitores/as de persoas con diversidade funcional.

2. BONIFICACIÓNS:

b.2.- As visitas de grupos organizados. Considerarase como grupo organizado aquel que teña previa reserva organizada e programada polo Departamento de Educación de VigoZoo, debendo contar cun mínimo de 20 persoas. A bonificación aplicarase a cada compoñente en función da súa idade.

b.3.- O alumnado universitario que deberá acreditalo con carne ao efecto.

ARTIGO 4. COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (laborais).....2,70 €

No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos)3,35 €

No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (laborais).....5,45 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (sábados tarde, domingos e festivos).....6,50 €

e) Abono anual persoal e intransferible:

- Bono familiar (familias de hasta 5 integrantes e cuxos fillos/as

non superen os 18 anos).....32,40 €

- Bono individual.....19,40 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante:.....2,15 €

g) Grupos organizados persoas adultas:.....4,25 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 185 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Tarifa reducida:
Por cada persoa:..... 1,80 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

- a) Persoas con carné xove.
- b) Persoas con diversidade funcional.
- c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:
a) Menos de 4 horas 77,95 €

b) Por cada xornada 233,90 €

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

23.(164). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIRO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 3052/500 (EXPTE. 4044/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
 - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
 - Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
 - Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 186 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva Marco da Auga)
- Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.
- Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Por acordo plenario do 26 de febreiro de 2021 aprobouse definitivamente a estrutura tarifaria das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado-rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, co fin de acadar un cumprimento máis axeitado dos principios establecidos na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello: *uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes*.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 1 de agosto de 2023.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

a) Aínda que as tarifas vixentes no Concello de Vigo anteriores á última modificación respondían en termos xerais aos principios da Directiva Marco da Auga, foi necesario modificalas para acadar un cumprimento máis axeitado dos mesmos, de acordo coa evolución normativa na materia.

As tarifas actualmente vixentes no Concello de Vigo, aprobadas en 2021 (expediente 2689/500), responden ao cumprimento dos principios de *uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custos*, principios enunciados na Directiva Marco da Auga 2000/60/CE. Non obstante, considérase oportuno resolver a falta de “*equidade*” entre as vivendas de 3 habitantes e as de 2, 1 e 0: na ordenanza vixente resulta igual a amplitude de cada tramo de consumo para todas estas vivendas, polo que procede a adecuación dos tramos ao número de habitantes de cada vivenda, toda vez que na actualidade poden estarse xerando “*consumos non responsables*”. En todo caso, para vivendas de 1 persoa establécese unha disposición transitoria con vixencia para o exercicio 2024 tendente a que non exista salto significativo entre 2023 e 2024 na contía dos recibos no caso de consumos elevados e así permitir unha adaptación gradual a un “*consumo responsable*”. Para consumos medios, non haberá cambios nos recibos.

No caso de consumos non domésticos, introdúcese unha disposición transitoria para 2024 que demora a aplicación íntegra do artigo 5 ata o 1 de xaneiro de 2025.

Actualízase o cadro de prezos de execución material para a redacción de orzamentos de conexións e abastecemento e saneamento con cargo ás persoas aboadas que consta no ANEXO I-A nun 4% para o exercicio 2024 e un 3,5% a partir do 1 de xaneiro de 2025 (ANEXO I-B). Cómpre facer constar que estes prezos están vixentes dende o 1 de xaneiro de 2016, sendo a variación do IPC entre xaneiro do 2016 a xuño do 2023 dun 22,3%.

b) A continuación explícase a aplicación de tramos de consumo na tarifa doméstica:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 187 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A tarifa actual ten un carácter progresivo, que fomenta un *consumo responsable* do recurso, polo que resulta máis favorable para os/as usuarios/as con pequeno consumo e máis desfavorable para os/as usuarios/as con consumos elevados. No caso dos/as usuarios/as domésticos/as, os tramos de consumo teñen en conta o número de persoas que habitan, ao aplicar un prezo moi baixo aos primeiros 6m³ por persoa e bimestre, un prezo baixo aos seguintes 4m³ por persoa e bimestre, e prezos superiores nos consumos máis altos ou excesivos. Interesa sinalar que o primeiro tramo de consumo doméstico de 6m³/persoa/bimestre corresponde ao consumo de 100 litros por persoa e día que a Organización Mundial da Saúde considera un consumo óptimo para cubrir condicións de hixiene e saúde.

No informe-proposta integrado no expediente 2689/500, de aprobación das tarifas vixentes en 2021 (ditaminadas favorablemente pola Comisión de Prezos de Galicia en xaneiro de 2021,cuxa acta se incorpora no presente expediente), indicábase que *“razóns de eficiencia e economía administrativa aconsellan o tratamento xeral favorable aos usuarios de supoñer que na xeneralidade das vivendas hai tres persoas, podendo aplicárselles así a 18 metros cúbicos a tarifa máis reducida”*. Estas razóns de eficiencia e economía administrativa fundamentábanse na necesidade de implementar un sistema automatizado que relacionase os/as usuarios/as do servizo de auga cos rexistros do padrón municipal de habitantes, sistema que naquela data de aprobación da tarifa non estaba operativo e para o que non existían precedentes. Sen embargo, o elevado grao de eficiencia do sistema desde a súa posta en produción, no quinto bimestre de 2021, suxire que, á data de hoxe, xa non persistan aquelas razóns de eficiencia e economía administrativa que obrigaron a tratar por igual ás vivendas con tres, dúas, unha ou ningunha persoa.

Deste modo, a proposta plantexa un cómputo dos tramos de consumo que ten en conta o número de persoas tamén no caso de vivendas cun número inferior a tres persoas. Os tramos de consumo son os que resultan de multiplicar os volumes en m³ por persoa e bimestre adoptados na tarifa actual polo número de persoas correspondente (6m³/persoa/bimestre x nº de persoas). Ás cantidades resultantes engádeselle un volume adicional de auga, que responde ao usos común de limpeza xeral da vivenda e que é independente do número de persoas residentes. Así, as necesidades persoais básicas de auga non representan unha cantidade puramente liñal para cada persoa, senón que o tamaño do fogar inflúe no volume de necesidades básicas, particularmente no caso de persoas que viven soas, e tamén en vivendas con dúas persoas. En consecuencia, os novos tramos de consumo plantexados para vivendas con 2 ou menos persoas son os seguintes:

	0 PERSOAS	1 PERSOA	2 PERSOAS
TRAMO 1º	De 0 a 4 m ³ /bim	De 0 a 10 m ³ /bim	De 0 a 15 m ³ /bim
TRAMO 2º	Máis de 5 a 16 m ³ /bim	Máis de 11 a 16 m ³ /bim	Máis de 16 a 25 m ³ /bim
TRAMO 3º	Máis de 17 a 26 m ³ /bim	Máis de 17 a 26 m ³ /bim	Máis de 26 a 45 m ³ /bim
TRAMO 4º	Máis de 26 m ³ /bim	Máis de 26 m ³ /bim	Máis de 45 m ³ /bim

Como se observa, no caso das vivendas baleiras optouse por considerar unha cantidade de 4 m³/ bimestre no 1º tramo, que é a cantidade de auga que se presume óptima para manter unha vivenda sen ocupantes permanentes en condicións de limpeza e habitabilidade. Por motivos de operatividade, os restantes tramos de consumo para vivendas baleiras serán os mesmos definidos para os casos cunha persoa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

25.(166). APROBACIÓN INICIAL DA ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS-XER Á REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL , PASANDO A SER A ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE MÁQUINAS EXPEDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 3053/500 (EXPTE. PLENO 4046/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto do 2023, a xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emiten o seguinte informe proposta,

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada formula a proposta de ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VIA PUBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA EN DETERMINADAS RUAS MUNICIPAIS- XER (34) Á REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL, PASANDO A SER A ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VIA PUBLICA MEDIANTE MAQUINAS EXPEDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO (62).

A Lei 9/2017 de 9 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao Ordenamento Interno as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ten introducido un cambio na “natureza” da contraprestación que pagan os usuarios pola prestación dun servizo público prestado en réxime de concesión administrativa.

Ata o presente, o Concello de Vigo ten aprobado, baixo a natureza xurídica de taxa, a contraprestación polos servizos de estacionamento de vehículos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo, seguindo o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e a Lei xeral tributaria 58/2003 de 17 de decembro.

Sen embargo, con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sendo prestado en réxime de xestión indirecta (Expediente 90514/210) o servizo público de estacionamento regulado e controlado por parquímetros (XER), cómpre a adaptación do texto da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 236 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ordenanza fiscal reguladora das taxas á nova “Prestación patrimonial de carácter público non tributaria”.

Coa finalidade de precisar o concepto de “prestación patrimonial de carácter público de natureza non tributaria” as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017 de CSP, modificaron tres normas legais de natureza tributaria: Lei de taxas e prezos públicos, Lei xeral tributaria e Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Incorporárase, ademais unha Disposición Adicional cuadraxésima terceira, cuxo único contido é fixar a natureza das contraprestacións económicas pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos en réxime de dereito privado.

No relativo ao que afecta directamente á vixente “Ordenanza fiscal da taxa por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais (XER)”, en tanto que estes servizos son prestados en réxime de concesión administrativa, reproducimos a continuación o tenor literal do novo apartado 6 do artigo 20 do TRLRFL, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2017.

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, sobre la procedencia y límites de la revisión de precios, las contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas”.

Segundo o anterior esta Dirección de Ingresos ten elaborado unha adaptación do texto vixente da Ordenanza fiscal nº 34 ao disposto no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que entrará en vigor o próximo 9 de marzo de 2018.

A adaptación límitase ao cambio na denominación da “contraprestación” e a substitución de determinados conceptos tributarios como feito impoñible e base impoñible por outros acordos coa natureza non tributaria da “prestación patrimonial de carácter público”.

Ademais introdúcese unha cota a satisfacer polas empresas autorizadas polo Concello para aproveitamento especial de prazas obxecto desta concesión con colectores de entullos, andamios, valados e outros aproveitamentos especiais autorizados polo Concello. Ao teren que satisfacer esta cota á concesionaria, exclúese de tributación segundo o disposto na Ordenanza fiscal nº 30 a superficie ocupada polas prazas de estacionamento.

Conforme ao disposto no artigo 2 do TRLRFL e artigo 2 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, ao ser unha “prestación de dereito público” no relativo aos procedementos de xestión, liquidación e recadación non expresamente regulados na presente Ordenanza, será de aplicación o regulado na citada Ordenanza Fiscal Xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 237 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Informe sobre repercusión orzamentaria.

A presente adaptación non ten impacto orzamentario no orzamento de ingresos do 2024.

Innecesariedade do trámite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, "*cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública*" a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O presente expediente non terá *impacto significativo na actividade económica* senon un impacto nulo, toda vez que as cotas a satisfacer polas persoas ocupantes de prazas de estacionamento con andamios, valados, etc que se satisfarán por esta ordenanza, resultan excluídas da correspondente ordenanza nº 30 de aproveitamento especial da vía pública.

O presente expediente *non impón ningunha nova obriga* para destinatarios/as dos servizos regulados na ordenanza.

Tamén cómpre facer constar que o expediente *regula aspectos moi parciais da materia*, toda vez que unicamente supón a adaptación da vixente ordenanza de taxa ao instituto xurídico de prestación patrimonial de carácter público.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VIA PUBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RUAS MUNICIPAIS- XER (34) Á REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL, PASANDO A SER A ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VIA PUBLICA MEDIANTE MAQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO (62).

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario (PPCPNT) o servizo de estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14 h., e de 16 h. a 20 h., de luns a venres agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da "Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na Cidade de Vigo".

ARTIGO 2.- OBRIGADOS/AS AO PAGAMENTO

Son obrigados/as ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario os/as condutores/as de vehículos e os/as propietarios/as entendendo por tales quen figuren no Rexistro Público que regula o Código da Circulación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 238 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 3.- COTAS A SATISFACER POLAS PERSOAS OCUPANTES DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO INCLUIDAS NO AMBITO DA CONCESION CON COLECTORES DE ENTULLOS, ANDAMIOS, VALADOS E OUTROS APROVEITAMENTOS ESPECIAIS AUTORIZADOS POLO CONCELLO.

Por día hábil aos efectos deste servizo ou fracción e praza ocupada ou fracción a cota ascenderá a 3,50€.

Para a determinación de cada praza ocupada utilizaranse só as seguintes medidas lonxitudinais:

Unha praza de estacionamento en líña ten unha lonxitude de 4,5 metros.

Unha praza de estacionamento en batería ten unha lonxitude de 2,20 metros.

ARTIGO 5.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento no intre de efectuar o estacionamento ou ocupación á que se refire o artigo 3.

O pagamento farase mediante a obtención dun ticket nos aparatos expedidores que deberá ser colocado en lugar visible no interior do parabrisas dianteiro.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.

Para a cualificación das infraccións e sancións que en cada caso proceden estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral e restantes normas de aplicación.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditames da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 24 de agosto do 2023, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28.08.2022, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4011/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4009(1101 e 4010/1101), presentan emendas en data 8.09.23

Con data 13.09.2023, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 239 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 18.09.2023, rexeita as emendas e ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e vinte e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar inicialmente a ADAPTACIÓN DO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VIA PUBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RUAS MUNICIPAIS- XER (34) Á REDACCIÓN DO ARTIGO 20 DO TRLRFL, PASANDO A SER A ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VIA PUBLICA MEDIANTE MAQUINAS EXPENDEADORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO (62).

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario (PPCPNT) o servizo de estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14 h., e de 16 h. a 20 h., de luns a venres agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da "Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na Cidade de Vigo".

ARTIGO 2.- OBRIGADOS/AS AO PAGAMENTO

Son obrigados/as ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario os/as condutores/as de vehículos e os/as propietarios/as entendendo por tales quen figuren no Rexistro Público que regula o Código da Circulación.

ARTIGO 3.- COTAS A SATISFACER POLAS PERSOAS OCUPANTES DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO INCLUIDAS NO AMBITO DA CONCESION CON COLECTORES DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 240 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ENTULLOS, ANDAMIOS, VALADOS E OUTROS APROVEITAMENTOS ESPECIAIS AUTORIZADOS POLO CONCELLO.

Por día hábil aos efectos deste servizo ou fracción e praza ocupada ou fracción a cota ascenderá a 3,50€.

Para a determinación de cada praza ocupada utilizaranse só as seguintes medidas lonxitudinais:

Unha praza de estacionamento en líña ten unha lonxitude de 4,5 metros.

Unha praza de estacionamento en batería ten unha lonxitude de 2,20 metros.

ARTIGO 5.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento no intre de efectuar o estacionamento ou ocupación á que se refire o artigo 3.

O pagamento farase mediante a obtención dun tícket nos aparatos expedidores que deberá ser colocado en lugar visible no interior do parabrisas dianteiro.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.

Para a cualificación das infraccións e sancións que en cada caso proceden estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral e restantes normas de aplicación.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.”

26.(167). PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA ACADAR A APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PXOM DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 710/406 (EXPTE. PLENO 4051/1101).

Antecedentes

A). En data 1.09.2023 a concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda e vicepresidenta da XMU remite o secretario da XMU, Doc. 230282860, o seguinte escrito,

Notificada hoxe mesmo a Declaración Ambiental Estratéxica da revisión do PXOM por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e co obxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 241 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de continuar o procedemento de tramitación da revisión do PXOM, en participar a aprobación provisional do mesmo, tendo en conta o seu informe de 31 de xaneiro do corrente, solicito:

Relacione os informes preceptivos previos a aprobación provisional da revisión do PXOM.

Determine o órgano municipal competente para a adopción do acordo de aprobación provisional a tenor do disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985 e o ditame do Consello Consultivo de Galicia de 06/06/2018.

Determine o procedemento de tramitación para conquistar a aprobación provisional da revisión do PXOM. Aos efectos de poder utilizar, no seu caso, a posibilidade que vostede relacionou no citado informe de 23/01/2023 para "manter a vixencia do IOP" ao amparo do artigo 23.1 da LPACAP, elevando a pleno "proposta de ampliación de prazo para acordar a aprobación provisional do PXOM", rogo informe sobre o procedemento a seguir para aprobar esta ampliación e texto que debería someterse a votación do pleno.

B). En data 5.09.2023 o secretario da XMU emite o seguinte,

INFORME

I. *Relacione os informes preceptivos previos á aprobación provisional da revisión do PXOM.*

I.I. Informes preceptivos previos sectoriais.

O artigo 60.6. da LSG refírese á aprobación inicial, acadada, o artigo 60.8. sinala, "O concello solicitará, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos conforme a lexislación vixente".

O Anexo II do RLSG, Táboa 1, refírese os informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral sinalando para cada un o momento da solicitude, a Administración Pública que debe emitilo e norma que o exige. Tras a aprobación inicial, é dicir, previos á aprobación provisional, indica os seguintes:

- Administración do Estado. Informe da Delegación do Goberno. Disp. adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 maio, do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 outubro, do Sector de Hidrocarburos; artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 decembro, do Sector Eléctrico e artigo 68 do R.D. 1434/2002, do 27 decembro, instalacións de Gas Natural. Solicitude, 21.10.2021. Recepción, 27.01.2022.

- Administración do Estado. Informe da Conf. Hid., artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 xullo, polo que aproba o T.R. da Lei de Augas, e artigo 22.3. R.D.Lex. 7/2015, do 30 outubro, que aproba o T.R. da Lei do Solo e Reh. Urbana. Solicitude, 21.10.2021. Recepción, 11.04.2022.

- Administración do Estado. Informe do Min. de Industria, Comercio e Turismo, artigo 35 Lei 9/2014, do 9 de maio, de Telecomunicacións. Solicitude, 3.10.2021. Recepción, 14.02.2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 242 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Administración do Estado. Informe da D.X. de Política Enerxética e Minas ou órgano autonómico competente (cando o plan que altere o trazado dunha canalización de gas), artigo 106 do R.D. 1434/2002, do 27 decembro. Solicitud, 3.11.2021. Recepción, 4.02.2022.
- Administración do Estado. Informe de Portos do Estado, artigo 56.1 R.D.Lex. 2/2011, do 5 de setembro, T.R. da Lei de Portos do Estado. Solicitud, 3.11.2021. Recepción, 5.08.2022.
- Administración Autonómica. Informe da Axencia Galega de Infraestruturas, artigo 23.2 Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia. Solicitud, 3.11.2021. Recepción, 10.10.2022.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. de Patrimonio Cultural, artigo 34.2 Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 22.06.2023.
- Administración Autonómica. Informe de Augas de Galicia, artigo 39 Lei 9/2010, 4 de novembro, de Augas de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 16.03.2022.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático, artigo 47 Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. de Ord. e Producción Forestal, artigo 66 Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022. Existe informe da D.X. da Defensa do Monte das mesmas datas de solicitud e recepción.
- Administración Autonómica. Informe do Instituto de Estudos do Territorio, artigo 7 Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. do Patrimonio Natural. (Cando existan terreos incluídos na Rede Natura 2000), artigo 59.3 do Anexo II do P.D. Rede Natura 2000 de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022 e informe da D.X. de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (mesmas datas).
- Administración Autonómica. Informe da Cons. de Economía, Empresa e Innovación (cando existan afeccións relevantes á actividade industrial ou se preveña a creación de áreas ou polígonos industriais que incidan no tecido industrial), artigo 51 D. Lex. 1/2015, do 12 de febreiro, que aproba o T.R. das disp. legais da Com. Aut. de Galicia en materia de Política Industrial. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. do Patrimonio Natural. (cando existan reservas de sons de orixe natural ou plans do artigo 21 da Lei 37/2003, 17 de novembro, do ruído), artigo 102 do D. 20/2011, do 10 de febreiro, que aproba o POL de Galicia.
- Administración Autonómica. Informe da D.X. de Planificación Enerxética e Recursos Naturais; Sub. X. de Recursos Minerais. (cando existan afeccións á minaría). Disp. final cuarta Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 243 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Administración Autonómica. Informe de Portos de Galicia. Lei 5/1994, 29 de novembro, do Ente Público Portos de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022 e 1.07.2022.

- Administración Autonómica. Informe do Consello Aut. para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, artigo 16 D. 35/2000, do 28 de xaneiro, que aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Com. Aut. de Galicia. Solicitud, 16.09.2021. Recepción, 4.02.2022.

- Administración Autonómica. Outros informes. Aínda que non mencionados no Anexo II do RLSG constan informes da D.X. de Desenvolvemento Rural e da D.X. de Emerxencias e Interior recibidos en data 4.02.2022.

- Administración Provincial. Informe da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, artigo 23.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia. Solicitud, 21.10.2021. Recepción, 4.02.2022.

As solicitudes dos informes da Admón. Autonómica instrumentáronse a través da D.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo, órgano autonómico competente en materia de urbanismo, artigo 60.7. LSG.

No Expdte. 15313/411 consta informe de data 24.08.2023 (trámite 1562) emitido pola Xefatura de Desenvolvemento Urbanístico relacionando os informes que constan no Expediente. Coinciden cos sinalados no Anexo II, Táboa 1, do RLSG. Algunhas das datas de recepción sinaladas neste informe corespóndense co último informe emitido como consecuencia de informes anteriores desfavorables e subsanacións posteriores operadas polo equipo redactor.

I.II. Informes preceptivos previos municipais.

I.II.I. Informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais, artigo 60.13. LSG. Pronunciarase respecto das seguintes cuestións:

- Integridade documental do expediente.
- Actuacións administrativas realizadas.
- Conformidade do Plan coa lexislación vixente.

O informe tamén pronunciarase sobre a calidade da fundamentación das contestacións ás alegacións presentadas, en especial respecto daquelas con maior xustificación.

I.II.II. Informe da Secretaría xeral do Pleno, artigo 122.5.e) 1º LBRL e artigo 4.3.c) R.D. 128/2018.

Pronunciarase, entre outras cuestións, sobre a introducción de modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, artigo 144. 12 RLSG. No suposto de advertir a existencia de tales modificacións non procederá a aprobación provisional e o Pleno acordará novo trámite de información pública.

I.II.III. Informe da Intervención xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 244 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O acordo de aprobación provisional non comporta a aprobación de gastos ou recoñecemento de obrigacións de pago, tampouco exige a constancia no expediente de documentación de retención de crédito respecto dos investimentos que deba acometer o Concello a resultas das determinacións do Plan. Agora ben, a emisión de informes, cando se trata de materias que esixen maioría absoluta, intégrase no control financeiro, que é unha das modalidades do control interno da xestión económico-financieira e orzamentaria. En definitiva, o informe do PXOM no trámite de aprobación provisional por parte da Intervención xeral é preceptivo, artigo 4.1.b).5º R.D. 128/2018.

Pronunciarase, entre outras cuestións, sobre o Estudo Económico que debe ser proporcionado á complexidade da ordenación e que integrase na documentación do PXOM; comprobará a xustificación das previsións de financiamento respecto do custo de execución dos sistemas xerais que deban realizarse con recursos propios municipais; comprobará a incorporación dunha Memoria de Viabilidade Económica en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivados da ordenación proposta; analizará o impacto nas facendas públicas do mantemento das infraestruturas das actuacións de urbanización.

I.III. Outros informes municipais.

Ainda que non preceptivos, recibido o documento para aprobación provisional, a XMU remitirá Dilixencia á totalidade das Áreas e Servizos nos que se estrutura a Administración municipal dándolles traslado do enderezo electrónico de acceso á documentación presentada a fin de achegar informes e suxestións nas materias da competencia de cada Área ou Servizo, en especial aquelas competentes no seguimento e avaliación das infraestruturas e sistemas xerais.

II. *Determine o órgano municipal competente para a adopción do acordo de aprobación provisional*

LBRL, artigo 123.1.i), "Corresponde o Pleno, a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística". O precepto non menciona a aprobación provisional. LSG, artigo 60.13., "... o concello aprobará provisionalmente o contido do Plan ...". LBRL, artigo 19.1. e R.D. 2568/1986, artigo 2.1., "O goberno ... municipal, ..., corresponde o *Concello* integrado polo alcalde e os concelleiros". LBRL, artigo 122.1., "Alcalde e concelleiros forman [integran] o Pleno".

Dos preceptos transcritos dedúcese que o órgano municipal competente para a aprobación provisional do PXOM en revisión é o Pleno do Concello.

Respectuosamente discrepamos das argumentacións do ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 6.06.2018 que considera o alcalde como órgano municipal competente para a adopción do acordo de aprobación provisional do PXOM en revisión en función da súa competencia residual, artigo 124.4.ñ) LBRL.

A aprobación polo Pleno requerirá do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, artigo 123.2. LBRL, iso conleva -como se ten exposto-, os informes preceptivos da Secretaría xeral do Pleno e da Intervención xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 245 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III. *Determine o procedemento de tramitación para conquistar a aprobación provisional da revisión do PXOM.*

Formulada polo o órgano ambiental a Declaración Ambiental Estratéxica (DAE) incorporárase ao Plan introducindo as modificacións necesarias, artigo 60.12. LSG.

Enténdese que o equipo redactor ten elaborada a "proposta do Plan" na que constará a contestación (estimación ou desestimación) ás alegacións presentadas na información pública instrumentada e a incorporación das observacións dos informes sectoriais emitidos, ou as razóns fundamentadas da súa non incorporación no suposto de informes non vinculantes.

O equipo redactor, a través da canle prevista no contrato, presentará na XMU debidamente asinado o documento nomeado, "*Revisión do Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo. Versión para aprobación provisional*". Tal documento non consta presentado no día de hoxe. A presentación refirirase o documento final sen que sexa procedente completalo en entregas ou versións posteriores, non obstante, no caso de rectificacións, engádegas ou supresións de carácter inaplazable ou obrigado o novo documento -a nova versión- sinalará expresamente as follas, documentos ou parágrafos obxecto de rectificación o fin de facilitar os informes das unidades administrativas.

Recibido o documento instrumentarase a tramitación municipal que comezará coa remisión da Dilixencia mencionada no apartado I.III.

Facilitarase os grupos políticos municipais o tramite AVC da aplicación informática "Xestión de Expedientes" para o estudo e análise do documento.

Recibidos os informes anteriores emitirase polos servizos xurídicos e técnicos municipais o informe do apartado I.II.I. no que, no seu caso, constará proposta de acordo o Pleno. A súa emisión, dada a transcendencia e complexidade dun documento que comprende 2.800 páxinas; 360 planos; 170 fichas (sen computar as do Catálogo de elementos do Patrimonio Cultural); 4.000 alegacións, as súas contestacións e os informes sectoriais mencionados, realizarase nun prazo no que non predomine a urxencia. O prazo de dez días do artigo 80.2. da LPACAP resulta insuficiente e exige outro maior.

Emitido informe plos servizos xurídicos e técnicos municipais o Expediente trasladarase á Secretaría xeral do Pleno o fin da emisión do informe mencionado no apartado I.II.II.; emitido, trasladarase o Expediente a Intervención xeral o fin da emisión do informe previsto no apartado I.II.III. Procede realizar a mesma observación respecto do prazo de emisión destes informes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 246 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Concluída a tramitación do Expediente e formulada proposta de acordo convocarase o Consello Social da Cidade, artigo 2.c) do Reg. Org. do Consello Social da Cidade (BOP 6.08.2004); o artigo 8.5., segundo parágrafo desta norma sinala, "A convocatoria remitirase ós compoñentes do Pleno alomenos con seis días de antelación á data sinalada para a súa realización".

Seguidamente convocarase Consello da XMU, na súa condición de Comisión Informativa do Pleno, o fin de ditaminar a proposta de acordo que conste no Expediente.

Emitido o ditame convocarase sesión do Pleno do Concello.

IV. Procedemento a seguir no caso de acordar a ampliación do prazo para a a aprobación provisional do PXOM en revisión.

Artigo 23.1. LPACAP, "Excepcionalmente, cando se teñan esgotado os medios personais e materiais ... o órgano competente para resolver, a proposta, no seu caso, do órgano instrutor ... poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución ...".

A diferenza da potestade de suspensión do prazo para resolver, artigo 22.1. LPACAP que corresponde o órgano instrutor, o precepto transcrito advirte que no suposto da ampliación do prazo máximo de resolución o acordo que poida adoptarse corresponde, previa proposta do órgano instrutor, o órgano competente para resolver, ao órgano resolutor, neste caso, ao Pleno.

A entidade instrutora do Expediente de revisión do PXOM é a XMU, artigo Segundo. 4. A) EE.XMU.

A incoación, instrución e resolución de procedementos administrativos na XMU, así como a adopción das medidas cautelares ou de outra natureza que procedan nos mesmos, é unha atribución da Presidencia, artigo Quinto. 1.q) EE.XMU, que ostenta a Vicepresidencia da XMU en virtude de Resolución delegación.

Corresponde á Vicepresidencia da XMU formular a proposta de ampliación do prazo máximo para resolver. Dado que tal proposta será acordada -no seu caso- polo Pleno do Concello, a proposta será previamente ditaminada no Consello da XMU na súa condición de Comisión Informativa do Pleno.

V. Texto da proposta de ampliación de prazo que debería someterse a votación do Pleno.

V.I. O escenario do 23.01.2023, -data na que se apuntou unha ampliación de prazo para a aprobación provisional do PXOM en revisión ante a imposibilidade de acadar a aprobación provisional en data de 18.05.2023-, non é o escenario de hoxe, 5.09.2023. No mes de xaneiro non se sospeitaba que unha ampliación do prazo para resolver podería ir mais aló do día 5.10.2023 (nova data límite para a aprobación provisional do PXOM en revisión) o do día 16.10.2023 (data na que conclúe os dous



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 247 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anos de suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas consecuencia da aprobación inicial do PXOM en revisión).

Como se ten dito o 16.10.2023 conclúe o prazo de dous anos de suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas consecuencia da aprobación inicial do novo PXOM, artigo 47.2., segundo parágrafo, LSG. De ampliar agora o prazo para tal aprobación (determinado para día 5.10.2023 coma consecuencia da última Resolución de suspensión do procedemento) o IOP manterá a súa vixencia e a partires do 16.10.2023 poderán outorgarse licenzas ao amparo deste instrumento de planificación, unhas licenzas cuxa ordenación urbanística non coincidirá -polo xeral- coa inicialmente aprobada no PXOM en revisión (quizais tampouco coa que provisionalmente se aprobe), circunstancia anómala que o Pleno, considerando o interese público en xogo e os fins do PXOM en revisión, debe valorar o fin de considerar a conveniencia de deixar, ou non, sen efecto o IOP; en conclusión, a oportunidade de ampliar, ou non, o prazo máximo para acadar a aprobación provisional.

Se amplíe, ou non, o prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM en revisión a discordancia exposta en todo caso producirase nesa data (16.10.2023) respecto do PXOU 1993. Entendemos que a incidencia desta ordenación discordante (PXOU 1993) pode ter consecuencias mais leves que a discordancia do IOP.

V.II. A LMFAO contempla un escenario singular a fin de que, segundo a Exposición de Motivos, *"non «reviva» un planeamento anterior que non responde nin ao actual modelo de cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes e cuxa aplicación é incompatible co logro dos obxectivos de benestar socioeconómico que deben impulsar as actuacións públicas"* (no caso de Vigo o PXOU 1993); a tal efecto posibilita a rápida aprobación dun IOP para o solo urbano consolidado e de núcleo rural cuxa ordenación ha de ser coincidente coa ordenación recollida no instrumento anulado por sentenza, agora ben, dada a provisionalidade/transitoriedade do IOP a súa vixencia queda vinculada á aprobación dun novo instrumento de ordenación (PXOM en revisión) que nos distintos trámites procedimentais (a diferenza dos PXOMs non vinculados os IOP) atópase suxeito a prazos *ad hoc*.

O obxectivo do lexislador é evitar, primeiro mediante o IOP e despois mediante o posterior e novo PXOM, a vixencia de planeamentos (PXOU 1993) que non outorgan resposta ás necesidades urbanísticas. Tal obxectivo de interese público, tal compromiso de ordenar urbanisticamente a cidade atendendo a súas necesidades, atópase suxeito á observancia dun procedemento concreto.

O informe da D.X. da Asesoría Xurídica xeral da Xunta de Galicia de data 3.08.2022¹ avala a aplicación do artigo 22.1.d) da LPACAP, o informe manifesta que o artigo 87 da LMFAO, dende a súa rúbrica, *"Iniciación do procedemento de aprobación do instrumento de planificación urbanística que substitúe ao instrumento anulado. Prazos para a súa tramitación e aprobación"*, recolle a idea de que estamos ante prazos para a tramitación do procedemento administrativo do novo instrumento de planificación que substitúe o anulado. «Estamos ante prazos administrativos procedimentais, isto é, ante prazos para a tramitación dun procedemento administrativo», manifesta a D.X. no seu informe. O feito de que non se estableza un prazo máximo para a tramitación do procedemento de aprobación do novo plan, se non que os prazos establecidos na

1 Informe en relación co requirimento interposto polo Concello de Abegondo contra a Resolución da D.X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo pola que se ordena inscribir a perda de vixencia do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) do Concello de Abegondo no Rexistro de Ordenación do Territorio e Urbanismo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 248 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LMFAO xoguen como condición do mantemento da vixencia do IOP aprobado, non obsta a esta conclusión, dado que este matiz afecta ás consecuencias do incumprimento dos prazos, «non a súa natureza» sinala a D.X. Estes prazos deben conceptuarse, polo tanto, como específicos prazos administrativos establecidos legalmente para a presentación do borrador do novo instrumento de planificación, para súa aprobación inicial e para a súa aprobación provisional polo Concello.

Conforme o exposto -sen prexuízo da «conveniencia» sinalada no apartado V.I.- resultando conforme a Dereito a aplicación do artigo 22.1.d) da LPACAP, nada impide a consideración do artigo 23.1. da mesma norma.

V.III. Conforme o procedemento exposto no apartado III. resulta materialmente imposible acadar en Pleno a aprobación provisional do PXOM con anterioridade o 5.10.2023.

O TS ven interpretando o artigo 23.1. da LPACAP de maneira singular. En S. 18.09.2009 (Rec. 834/2007) entende suficiente a mera "dificultade para resolver no prazo ordinario", sempre que, "se xustifique adecuadamente"; en SS. de 18.10.2006 e 15.02.2013 considera relevante para a ampliación do prazo o "volumen e complexidade do expediente".

Mais aló da escasez de medios (que existe), a XMU, a través da súa Vicepresidencia, pode elevar o Pleno, "Proposta de ampliación do prazo para acordar a aprobación provisional do PXOM", que, de ser acordada, publicárase no DOG con anterioridade o 5.10.2023.

Pódese entender que a expresión "En todo caso", artigo 87. Dous LMFAO, impide tanto, (i) a suspensión dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, entre eles os sinalados no RD 463/2020, Disposición adicional terceira, artigo 221. LPACAP; como, (ii) a ampliación do prazo de resolución (neste caso para a aprobación provisional), artigo 23.1 da LPACAP.

É a LMFAO a que vincula o deber de aprobación provisional o concreto e específico prazo de tres anos e seis meses, iso non impide que ese prazo poida ser, «excepcionalmente», obxecto de ampliación o amparo do artigo 23.1 LPACAP, lexislación básica, sempre que tal excepcionalidade se atope debidamente xustificada.

A LMFAO, lexislación específica, non pode, por razón da competencia material, deixar sen efecto e sen contido as "Normas xerais da actuación da actividade das Administracións Públicas" previstas no Título II, Capítulo I, da LPACAP, entre estas, a suspensión facultativa de prazos, artigo 22.1.d) (acordada pola XMU en Resolucións de data 17.04.2023; 4.07.2023; 24.07.2023 e 29.09.2023) ou a previsión de ampliación dos prazos, artigo 23.1. Mais aló da cláusula de prevalencia da normativa estatal, artigo 149.3. CE (STC 102/2016 FF.XX. 3º e 6º) entendemos que a aplicación do artigo 23.1. LPACAP é acorde co principio da autonomía local garantido no artigo 137.1. da CE.

A xustificación que no seu caso recolla a proposta de ampliación do prazo máximo para resolver terá o contido que considere o órgano instrutor, entendemos que unha xustificación certa pode ser a seguinte,

A aprobación dos PXOMs acádase tras a instrumentación do procedemento mais complexo que existe na multiplicidade dos que deben resolver as Administracións locais, nel, ademais do traballo dos redactores -que reflexan a visión de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 249 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento urbanístico do goberno municipal-, interveña a cidadanía (formulando primeiro suxestións e despois alegacións) e moi diferentes órganos sectoriais doutras Administracións Públicas mediante a emisión de informes preceptivos, nalgún caso vinculantes. Sen prexuízo da tamén complicada tramitación ambiental, incardinada no procedemento, a complexidade multiplícase cando o PXOM corresponde a unha cidade, Vigo, décimocarta do Estado en habitantes, con un asentamento poboacional singular e disperso donde o 24 % de tal poboación reside diseminadamente lonxe do núcleo urbano central o que require un estudo urbanístico detido e específico.

A complexidade exposta -feito determinante-, agravada no seu momento polas secuelas da crise sanitaria COVID-19, pode entenderse evidente. Non cabe manifestar ausencia de interese ou compromiso na instrumentación ata agora realizada pola XMU que ten cumprido de xeito razoable os distintos trámites procedimentais. O xenérico prazo legal (idéntico para todos os Concellos) de tres anos e seis meses para acadar -desde a aprobación/publicación do IOP- un acordo de aprobación provisional tense mostrado de difícil cumprimento.

V.IV. A petición de informe formulada pola Vicepresidencia insta a esta Secretaría xeral do Pleno a elaboración do texto que debería someterse a votación do Pleno.

Sen prexuízo da xustificación que o órgano proponente entenda axeitada (parte expositiva) dito texto na súa parte dispositiva terá o seguinte contido.

En aplicación do artigo 23.1. da LPACAP, previo ditame do Consello da XMU, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Amplíase en XX meses, día XX de XXXX de 2023, o prazo máximo para acordar a aprobación provisional do documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web municipal. As publicacións realizaranse con anterioridade o 5 de outubro de 2023.

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e o Rexistro de Planeamento de Galicia aos efectos que procedan.

C). En data 8.09.2023 o xerente da XMU emite o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

De conformidade co disposto no artigo 12.1.e) dos Estatutos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a instancia da Concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda veño a realizar a seguinte

PROPOSTA

A Lei 2/2017 ten por obxecto expreso, conforme a súa exposición de motivos, "dotar de certeza e seguridade xurídica á cidadanía e aos distintos operadores no campo urbanístico, sen prexuízo do mais absoluto respecto ás resolucións xudiciais" tras unha sentenza de nulidade do planeamento que «reviva» "un planeamento anterior



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 250 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que non responda nin ao actual modelo de cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes, e cuxa aplicación resulta incompatible co logro dos obxectivos de benestar socioeconómico que deben impulsar as actuacións públicas”.

Con esta fundamentación legal e cumprindo os obxectivos de dita norma, que continúan estando vixentes, tramitouse e acordouse polo Pleno corporativo, con data 24 de xullo de 2019, o Instrumento de Ordenación Provisional.

Dita Lei 2/2017 establece no seu artigo 87.2 a necesidade de tramitar a revisión do PXOM, en particular o borrador, Aprobación Inicial e aprobación provisional nun prazo estrito para manter a vixencia do IOP.

O Concello de Vigo aprobou definitivamente o IOP no pleno de 24/07/2019, acordo que foi publicado no DOG de 26/08/2019 e no BOP do 20/09/2019. A partir destas datas de publicación comencan a computar as obrigas establecidas no artigo 87.2 da lei 2/2017 LMFAO. O Concello de Vigo presentou o Borrador antes dun ano dende a publicación do acordo de aprobación definitiva do IOP e aprobou inicialmente a revisión do pxom antes de dous anos de dita publicación. Durante todo este proceso de revisión do PXOM de Vigo o Concello de Vigo traballou co obxectivo de cumprir os fitos comprometidos e establecidos no artigo 87.2 da lei 2/2017 para manter a vixencia do IOP ata a aprobación definitiva do novo pxom.

Este compromiso municipal supuxo un claro esforzo da equipa de goberno de Vigo, da equipa redactora do pxom e dos funcionarios municipais. No informe de 05/08/2023 do Secretario Xeral do Pleno da Corporación recóllense algunhas destas dificultades de tramitación.

A aprobación dos PXOM acádase tras a instrumentación do procedemento mais complexo que existe na multiplicidade dos que deben resolver as administracións locais, nel, ademais do traballo dos redactores -que reflexan a visión de desenvolvemento urbanístico do goberno municipal- interveñe a cidadanía (formulando primeiro suxestións e despois alegacións) e moi diferentes órganos sectoriais doutras administracións públicas mediante a emisión de informes preceptivos, nalgún caso vinculantes. Sen prexuízo da tamén complicada tramitación ambiental. Incardinada no procedemento, a complexidade multiplícase cando o PXOM corresponde a unha cidade, Vigo, décimo cuarta do Estado en habitantes, con un asentamento poblacional singular e disperso onde o 24 % de tal poboación reside diseminadamente lonxe do núcleo urbano central o que require un estudo urbanístico detido e específico.

A complexidade desta tramitación incrementouse pola crise sanitaria da COVID-19 con consecuencias que non só afectaron durante o período de confinamento senón que afectaron ao normal desenvolvemento dun traballo en equipa cando se impuxo o distanciamento social.

En particular logo da aprobación inicial da revisión do PXOM o goberno local de Vigo adoptou algunhas decisións importantes para garantir a participación da cidadanía pese a que poderían supoñer un incremento nos prazos de tramitación. En particular, incrementouse un 50% o prazo de exposición ao público e presentación de alegacións, pasando do mínimo legal establecido na lei do solo de Galicia a 3 meses.

No período de información pública formuláronse un total de 4,340 alegacións; con carácter previo ao cómputo do prazo establecido no artigo 207 do RLSG foron



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 251 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentados outros 6 escritos e outros 156 foron presentados fora de prazo. Todas estas alegacións están sendo estudadas de xeito individual.

Na tramitación do plan solicitáronse os informes sectoriais preceptivos, realizáronse as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e deuse audiencia aos concellos limítrofes.

Foron solicitados 11 Informes de organismos da Administración General del Estado, 19 informes de organismos da Xunta de Galicia, 5 informes dos concellos limítrofes e o informe da Deputación provincial de Pontevedra, ademais das consultas realizadas a diferentes asociacións e organismos. En total 36 informes a administracións públicas e administracións locais.

Dentro dos informes competencia da administración xeral do estado poderíamos salientar os 9 meses de espera polo informe da Dirección General de Costas ou os 6 meses de espera polo informe favorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Pero, sen dúbida, os informes que supoñeron un maior problema para poder continuar coa tramitación do PXOM foron aqueles competencia da Xunta de Galicia que, segundo a lei 2/2016 do solo de Galicia deben solicitarse con posterioridade á aprobación inicial do pxom e teñen un prazo máximo de emisión de 3 meses.

Pois ben, o Concello tivo que esperar 4 meses e medio para ter resposta ao primeiro envío de documentación os organismo preceptivos autonómicos. Nesa primeira solicitude de informe 16 organismos emitiron informe favorable, favorable con observacións ou certificaron a non incidencia do documento remitido sobor das competencias sectoriais.

Deste xeito o goberno local tivo que modificar o documento de planeamento para intentar solventar os 3 informes desfavorables emitidos, Instituto de Estudos do Territorio, Axencia Galega de Infraestruturas e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Se ben no IET obtívose informe favorable 2 meses e medio logo dunha nova remisión, no caso da DX Patrimonio e da AXI recibimos novos informes desfavorables logo de 4 meses e medio de espera no caso de patrimonio e 3 meses e 12 días no caso da AXI. Foi precisa unha nova versión do documento e nova remisión a estes organismos para que a AXI emitira informe favorable logo de 3 meses e 2 días da nova solicitude e Patrimonio emitise informe favorable condicionado.

En resumen, dende a aprobación inicial do pxom o Concello de Vigo pasou 12 meses á espera de informes autonómicos preceptivos favorables aos que debemos de engadir o mes e 12 días precisos para acadar a Declaración Ambiental Estratéxica.

Conscientes da existencia dunha demora nos prazos non imputables á institución municipal, previo informe do secretario xeral do pleno do Concello de Vigo e ante o terceiro envío de documentación solicitando informes, a Xerencia municipal de urbanismo acordou a suspensión facultativa de prazos segundo o artigo 22.1.d) da LPACAP. Mecanismo que a partir dese intre foi utilizado en todas as remisións de documentación posteriores.

Así as cousas o 01/09/2023 o Concello de Vigo recibe a notificación da Declaración Ambiental Estratéxica (DAE), que conforme expresamente dispón o artigo 25,3 da lei do solo en relación co artigo 27.1 da lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, comeza a ter eficacia dende a súa publicación no boletín oficial, o que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 252 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aínda non sucedeu e sen cuxa publicación (eficacia legal) non é posible a aprobación provisional do PXOM.

O informe do Secretario do Pleno da Corporación de 01/09/2023 establece, segundo o cómputo de prazos realizado polo mesmo, a vixencia do IOP ata o 05/10/2023, data na que, de non producirse a Aprobación Provisional do PXOM decaería.

O 01/09/2023 a Concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda solicita ao Secretario do Pleno informe sobre a tramitación precisa para proceder á Aprobación Provisional do PXOM. Ao tempo esta concelleira solicita ao Secretario, "aos efectos de poder utilizar, no seu caso, a posibilidade que vostede relacionou no citado informe de 23/01/2023 para "manter a vixencia do IOP" ao amparo do artigo 23,1 da LPACAP, elevando a pleno "proposta de ampliación de prazo para acordar a aprobación provisional do PXOM", rogo informe sobre o procedemento a seguir para aprobar esta ampliación e texto que debería someterse a votación do pleno"

Como se relaciona no informe do secretario de 05/09/2023 dada a complexidade do procedemento de tramitación "resulta materialmente imposible acadar en Pleno a aprobación provisional do PXOM con anterioridade ao 05/10/2023."

Respecto á posibilidade de ampliación de prazos sinalada no informe do Secretario de 23/01/2023, o informe do Secretario indica no seu punto VII que "resultando conforme a Dereito a aplicación do artigo 22.1.d) da LPACAP, nada impide a consideración do artigo 23.1 da mesma norma" e no punto VIII que "A LMFAO, lexislación específica, non pode, por razón de competencia material, deixar sen efecto e sen contido as "Normas xerais da actuación da actividade das Administracións públicas" previstas no Título II, Capítulo I, da LPACAP, entre estas, a suspensión facultativa de prazos, artigo 22.1.d) (acordada pola XMU en Resolucións de data 17.04.2023; 4.07.2023; 24.07.2023 e 29.09.2023) ou a previsión de ampliación dos prazos, artigo 23.1. Mais aló da cláusula de prevalencia da normativa estatal, artigo 149.3 CE (STC102/2016 FF.XX. 3º e 6º) entendemos que a aplicación do artigo 23.1. LPAAP é acorde co principio de autonomía local garantido no artigo 137.1. da CE."

Por outra banda o Pleno do Concello de Vigo xa ditaminou o interese xeral do IOP sobor do PXOU do 93, normativa que recuperou a súa vixencia unha vez anulado o pxom do 2008. En particular, en data 26.07.2017, logo do ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26.06.2017, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que inclúe o documento nomeado "Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no Recurso de Casación Nº 11658/2014" de data abril de 2017 e o seu complemento nomeado "Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional" de data maio de 2017, elaborado polos técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, dos que se xunta dúas copias en formato papel e en soporte dixital.

Segundo: Incorporar ao presente expediente os informes urbanístico e ambiental subscritos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo en data 14 e 15 de xuño de 2017 respectivamente, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta, no que se inclúen unha serie de consideracións e condicionantes, no senso indicado no corpo da presente proposta, que serán tidas en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 253 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conta na solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que se acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente

O 18/08/2018 acordouse polo pleno da corporación a aprobación inicial do IOP logo de sometelo a Xunta de Goberno Local e o Consello da Xerencia, foi sometido a información pública e sometido a informes sectoriais e finalmente aprobado definitivamente na sesión extraordinaria de 24 de xullo de 2019 con todos os informes favorables.

Por todo elo, dada a imposibilidade material do Concello de Vigo de aprobar provisionalmente o PXOM antes do 05.10.2023, pola complexidade da tramitación, polas especiais circunstancias acontecidas durante a tramitación desta revisión en especial as consecuencias da crise sanitaria da Covid 19, pola decisión do goberno local de ampliar os prazos de exposición pública e presentación de alegacións para facilitar a participación da cidadanía, pola demora na emisión de informes sectoriais por riba dos prazos máximos legais e con ata 3 reiteracións de solicitude de informe, e manténdose a consideración de que o planeamento anterior ao declarado nulo segue sen responder ao actual modelo de cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes, de conformidade co informe da Secretaría Xeral do Pleno do Concello de 5/09/23, en aplicación do artigo 23.1 da LPACAP, co obxecto de prorrogar a vixencia do IOP propónse ao Pleno do Concello de Vigo previo ditame do Consello da Xerencia a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Ampliase en 3 meses, o prazo máximo para acordar a aprobación provisional do documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web municipal.

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e o Rexistro de Planeamento de Galicia aos efectos que procedan.

D). En data 8.09.2023 a concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda e vicepresidenta da XMU formula ao Pleno do Concello a seguinte proposta de acordo,

Visto o informe–proposta que antecede, de conformidade coa mesma, no uso das facultades delegadas polo alcalde mediante Decreto de Delegación de 29 de xuño de 2023 (BOP de 27/06/2023) formúlase ao Pleno, previo ditame do Consello da XMU, na súa condición de Comisión Informativa do Pleno, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Ampliase en 3 meses, o prazo máximo para acordar a aprobación provisional do documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 254 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e o Rexistro de Planeamento de Galicia aos efectos que procedan.

E). En data 12.09.2023 o Consello da Xerencia de Urbanismo, na súa condición de Comisión Informativa do Pleno, por sete votos a favor (representantes do grupo municipal Socialista) e tres en contra (dous representantes do grupo popular e un representante do grupo municipal do BNG) ditamina favorablemente a proposta de acordo

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezaoto votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Ampliase en 3 meses, o prazo máximo para acordar a aprobación provisional do documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Vigo.

SEGUNDO. Proceder á publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web municipal.

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e o Rexistro de Planeamento de Galicia aos efectos que procedan."

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia. O Alcalde-presidente abandona o Salón de Plenos, pasando a presidir a sesión a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

MOCIÓNS:

27.(168). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4061/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 255 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4061/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 256 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular do Partido Popular formula ante o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
4. Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; e tamén á Xunta de Goberno da FEMP."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o concelleiro Sr. Aneiros Pereira.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4061/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 257 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

28.(169). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE LOITA CONTRA A POBREZA, CON ESPECIAL ATENCIÓN Á POBREZA INFANTIL, DOTADO CON RECURSOS ECONÓMICOS E MEDIDAS EFECTIVAS, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4063/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4063/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O último informe sobre rendas mínimas de inserción da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais deixa unha radiografía desta prestación en Galicia moi preocupante. A RISGA apenas chega ao 5% na súa taxa de cobertura de galegos e galegas que viven baixo o limiar da pobreza, cando noutras comunidades autónomas como o País Vasco ou Navarra a taxa de cobertura ronda o 60%. Ademais, a contía da RISGA é das máis baixas do Estado, respecto da renda media das Comunidades Autónomas.

No ano 2020, o Goberno de España creou o Ingreso Mínimo Vital, que foi concibido como un ingreso complementario coas rendas autonómicas, sen embargo a renda galega, RISGA, é incompatible coa mesma na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tres anos despois, a Xunta de Galicia aínda non ten modificado a norma autonómica para facela compatible co Ingreso Mínimo Vital, como sí fixeron a meirande parte das comunidades autónomas en España.

Como consecuencia desta incompatibilidade a RISGA ten chegado a mínimos históricos en canto ao seu número de beneficiarios, pasando de 9.020 persoas perceptoras en 2020 a case a metade en 2022, concretamente, 5.449 persoas beneficiarias en toda Galicia, fronte ás cerca de 30.000 beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital (con fogares compostos por case 75.000 persoas).

Á vista destes datos, é evidente que urxe unha profunda modificación da RISGA, unha prestación claramente insuficiente, cunha escasa taxa de cobertura, cunha contía moi limitada e con cada vez menos persoas beneficiarias.

A RISGA debe de ser complementaria do Ingreso Mínimo Vital e converterse nunha verdadeira renda de inserción social e laboral, que impida caer na exclusión e procure o desenvolvemento integral das persoas, con itinerarios de inserción laboral eficaces.

É necesario estudar o novo contexto de exclusión social en Galicia, derivado do paso da pandemia, así como das consecuencias económicas derivadas da ofensiva de Rusia contra Ucraína; xurde a necesidade dun plan eficaz e realista contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil.

O Goberno de España destinou a Galicia un proxecto piloto contra a pobreza infantil dotado con 10,6 millóns de euros, procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que beneficiará a unhas 6.000 persoas ata xuño de 2023, pero cómpre que a Xunta de Galicia complemente estas accións cun Plan de Loita contra a Pobreza propio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 258 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Un Plan no que se impulse a coordinación co tecido empresarial e económico, que promova a inserción laboral e no que se incrementen os recursos e medidas dende unha óptica transversal para a loita contra a pobreza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno da Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de Loita contra a Pobreza, con especial atención á pobreza infantil, dotado con recursos económicos e medidas efectivas.
- Instar á Xunta de Galicia a modificar a Lei galega de Inclusión Social para permitir a compatibilidade da RISGA co Ingreso Mínimo Vital, así como a mellora da taxa de cobertura da prestación e o incremento da súa contía."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4063/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. A 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego abandona o Salón de Plenos, pasando a presidir a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, tamén se ausenta o concelleiro Sr. Losada Alvarez.

29.(170). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A ACOMETER A AMPLIACIÓN DO RECINTO FEIRAL DO IFEVI DE VIGO, ASI COMO A MELLORAR OS SEUS ACCESOS. EXPTE. PLENO 4064/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 259 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4064/1101, o veceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) xoga un papel importantísimo na economía da cidade e na súa proxección.

As sucesivas ampliacións demostraron a potencialidade deste recinto feiral co incremento de certames de todo tipo que veñen celebrando.

É evidente que os grandes eventos demandan necesidades inmediatas. Precisamente, por recente, a celebración de CONXEMAR demostra que as reiteradas peticións dos organizadores, de novos pavillóns, estaba xustificada.

Nesa secuencia de crecemento, hoxe vólvese a expor a necesidade dunha nova ampliación.

Os responsables de CONXEMAR trasladan esta necesidade e afirman categoricamente que se o IFEVI dispuxese de máis espazo estaría ocupado xa por expositores na edición que se inaugura o próximo tres de outubro.

Manter CONXEMAR na cidade de Vigo, fronte a intentos de levar o certame a outras cidades, é vital para a economía da cidade de Vigo, a súa comarca e de toda Galicia, polo que representa o sector da pesca.

A Xunta de Galicia, como Administración responsable do recinto feiral, vén demorando de forma negxigente a petición deste Pleno de presentar un plan de mellora dos accesos ao IFEVI demanda que non foi atendida ata a data.

Hoxe, sen máis dilación, a Xunta de Galicia debe dar resposta ás necesidades do IFEVI de ampliación e de mellora dos accesos, é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte os seguintes

ACORDOS

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a acometer, de inmediato, a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo.
- Instar á Xunta de Galicia a mellorar os accesos ao IFEVI.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martín Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 260 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4064/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

30.(171). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA A INSTAR AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A CONTINUAR CO COMPROMISO DUN FINANCIAMENTO CONXUNTO DO 50% PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DA NOVA GRADA DE GOL. EXPTE. 4065/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4065/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

20 estadio de fútbol municipal de Balaídos é a instalación deportiva máis representativa da Cidade de Vigo e ademais a día de hoxe configúrase como un elemento xerador de outras sinerxías culturais, sociais e económicas moi importantes.

Así a día de hoxe a importante proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que xera a presenza do Real Club Celta de Vigo na principal competición do fútbol español, a súa significativa incidencia en importantes sectores económicos da Cidade, dunha parte; e a antigüidade e inadecuación das actuais instalacións do estadio ás necesidades actuais, por outra, determinaron ao Concello de Vigo a iniciar o necesario proceso de transformación e modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos co fin de adaptar as súas instalacións a unha concepción actual, funcional e operativa, das mesmas, así como a transformar a imaxe obsoleta do recinto, co obxecto de proporcionar á esta infraestrutura dunha imaxe formal conxunta e coa simboloxía que debe adquirir no futuro.

No marco deste proxecto de modernización do Estadio de Fútbol de Balaídos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, no marco das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, asinaron no en xullo de 2015 o convenio de colaboración no cal se estableceron as pautas de colaboración entre ambas institucións para a realización e financiamento das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.

Dito convenio estableceu as pautas para a execución por fases de cada unha das catro gradas do estadio de Balaídos "Río", "Tribuna", "Marcador" e "Gol".

En relación ao obxecto xeral do convenio, e como fundamento de execución do mesmo en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, as partes asinantes deste convenio propoñen a súa execución a través dos compromisos que se recollen no convenio cun compromiso de financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra cunha achega do 50 % do "importe definitivo".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 261 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na actualidade o desenvolvemento desta colaboración foi materializada ademais do convenio asinado en xullo de 2015, na addenda nº 1 (09/2017), coa que se finalizou as actuacións nas gradas de Río e Tribuna cunha achega conxunta de 13.718.088,18 € (50% para cada administración). Cunha addenda nº 2 (05/2019) e a actualización dun novo convenio (05/2021) e unha addenda (06/2023) para a execución do proxecto do novo "Marcador" cun importe total de 21.011.372,75 € (59,32 % Concello de Vigo e 40,68 % Deputación Provincial).

O desenvolvemento actual do proxecto de reforma e modernización do estadio de Balaídos adquire na actualidade unha nova realidade desta infraestrutura, recibindo un gran recoñecemento social coa finalización e inauguración da nova grada de "Marcador" e o proxecto demanda dar continuidade a última fase da grada de "Gol". En relación a execución desta grada debese indicar que o obxecto do convenio inicial asinado en 2015, recolle o compromiso de colaboración no financiamento conxunto de todo o estadio en diversas fases. Este compromiso queda manifestado na sinatura da actualización do convenio asinado en maio do 2021, no cal indicase:

Obxecto: "É obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIÓDOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de "Marcador" e "Gol".

Execución do convenio: O Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométese a estudar no compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dun financiamento conxunto so 50 %. O Concello de Vigo presentará a comisión de seguimento o proxecto que corresponda de ser aprobado se procederá ao inicio da correspondente addenda para a súa execución.

Na actualidade o proxecto de execución da "Grada de Gol" atópase redactado e pendente do informe sectorial de "Augas de Galicia" para a súa aprobación final, cun importe final de execución 24,8 M€ (IVE incluído).

A vista de todos estes antecedentes, o Goberno da cidade de Vigo, considera fundamental continuar coa proposta de colaboración entre ambas institucións e tendo en conta a necesidade de dar continuidade o proxecto de remodelación e modernización de Balaídos na súa última fase, solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

- Instar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra a dar continuidade o proposta de colaboración iniciada no ano 2015 e ratificada no convenio asinado con data 31.05.2021 en relación co compromiso dun financiamento conxunto do 50 % para a execución do proxecto da NOVA GRADA DE GOL, no proxecto de modernización do Estadio Municipal de Balaídos.
- Instar á Xunta de Galicia a realizar achegas económicas neste proxecto de modernización do Estadio Municipal de Balaídos de forma similar ao realizado noutras cidades de Galicia."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 262 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4065/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

31.(172). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTÁNDOLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, E POLO TANTO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, OS INVESTIMENTOS NECESARIOS PARA QUE OS CENTROS PÚBLICOS DE VIGO TEÑAN UNHAS INFRAESTRUTURAS ADECUADAS Á NOVA REALIDADE EDUCATIVA. EXPTE. PLENO 4066/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4066/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Os centros educativos son lugares onde, sobre todo, alumnado e docentes pasan un gran número de horas cada día. E por iso, desempeñan un importante papel ao longo das diferentes etapas de aprendizaxe.

Son ámbitos que teñen impacto no desenvolvemento cognitivo, afectivo, social e sensorial dos nosos nenos e nenas.

Xa o dicía Heras en 2001 no seu libro *COMPRENDER O ESPAZO EDUCATIVO*: "O espazo educa, ensina, comunica, forma, libera, modela, fala, ri, chora, convida a vivir, a soñar, a estudar. O espazo ten unha linguaxe de liberdade, de autonomía, de actividade, de camiño, de horizonte aberto. Todo depende do deseño arquitectónico e da bondade de cada elemento, do atractivo das instalacións, do encanto misterioso e inefable da súa arquitectura, das solucións imaxinativas dos docentes".

E xa que as competencias educativas están traspasadas á Xunta de Galicia dende 1982, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade garantir que quen agora son escolares e mañá serán cidadáns e cidadás de pleno dereito, poidan formarse nas mellores condicións, e poidan convivir durante a súa etapa formativa nun espazo accesible, seguro, confortable, inclusivo e saudable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 263 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As instalacións escolares deben ser unha ferramenta educativa máis. O mestre e pedagogo Loris Malaguzzi chamáballe o terceiro mestre, xunto ás familias e ao profesorado.

No ano 2021 a Xunta aprobou o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica. Precisamos un plan de inversións que de resposta ás necesidades e demandas, históricas e urxentes, en materia de infraestruturas e equipamentos educativos da nosa cidade.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixirlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo tanto, ao Presidente da Xunta de Galicia, os investimentos necesarios para que os 49 centros públicos de Vigo teñan unhas infraestruturas adecuadas á nova realidade educativa e cos mellores estándares de calidade para afrontar os novos retos educativos."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4066/1101), pola concelleira do municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

32.(173). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE ASUMA O FINANCIAMENTO ÍNTEGRO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO, NO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS QUE LLE SON PROPIAS. EXPTE. PLENO 4067/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4067/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"En Galicia existen un total de 60 centros de atención a persoas sen fogar, case todos eles de iniciativa privada, agás puntuais excepcións, como é o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 264 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo a Enquisa do INE sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar do ano 2018 Galicia está á cola das comunidades autónomas en gasto medio dos centros para atender a estas persoas, xa que é un 30% inferior á media estatal (218,9 euros, moi por debaixo da media estatal que está en 300,6 euros).

A Xunta de Galicia ven de publicar o pasado 18 de setembro, a Orde de 6 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, así como Persoas Sen Fogar, para os anos 2023 a 2025, financiado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia.

Na dita Orde, a Xunta de Galicia, invoca o seu título competencial exclusivo en materia de Servizos Sociais e di, literalmente: "O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social e en promoción do desenvolvemento comunitario, respectivamente.

En virtude deste título competencial aprobouse a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia "para a construción do Sistema galego de benestar", cita textualmente a norma.

Continúa literalmente a norma: "Con base en todo o exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude, en virtude das súas competencias en materia de inclusión social, considera de especial interese a posta en marcha de medidas dirixidas a compensar as dificultades que presentan determinados colectivos, impulsando el desenvolvemento de actuacións como as que serán obxecto de la concesión de subvenciones a través de la presente orden.

Lamentablemente, a Xunta de Galicia deixa expresamente fóra desta convocatoria as subvencións para Albergues, Centros de Acollida, Comedores, Centros de Atención Social, Centros de Inclusión para ás Persoas Sen Fogar de carácter público, namentras que si na as contemplou para entidades privadas na súa orde de 27 de xuño.

Nun claro afán privatizador deste tipo de establecementos, unha vez máis, a Xunta de Galicia lle da as costas ao Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo foi un Concello pioneiro en atención ás persoas sen fogar, poñendo en marcha no ano 2012 o Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social. Un proxecto integral de atención ás persoas sen fogar que conta con albergue, comedor social, piso básico, piso de transición á vida autónoma, centro de día e centro de atención social continuada.

Este Centro Integral para as Persoas Sen Fogar é de carácter supramunicipal, xa que atende a persoas de toda procedencia tanto de Galicia como de fóra de Galicia, sin embargo, a Xunta de Galicia non destina nin un euro a este recurso, que é financiado ao 100% polo Concello de Vigo cun presuposto anual de máis de 1 millón de euros.

De acordo coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que determina a atribución de competencias en materia de servizos sociais, establece que son competencias da Xunta de Galicia, entre outros, (art. 59 i):

i) A creación, mantemento e xestión dos servizos sociais especializados, así como dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 265 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

O Decreto 99/2012 25 , do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, establece que no marco do establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos as seguintes:

a) *A xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como albergues, centros de acollida, comedores sociais, centros de atención continuada e centros de día de inclusión social.*

b) A xestión de programas enfocados á prevención e á atención de persoas en risco de exclusión mediante equipos de inclusión sociolaboral e proxectos específicos enfocados, entre outros, a persoas perceptoras de rendas mínimas de inserción, persoas sen fogar, inmigrantes, emigrantes retornados, comunidade xitana e outras minorías socialmente vulnerables.

Polo anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Excm. Corporación Municipal que adopte o seguinte

ACORDO

-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle son propias."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, e pasa a presidir a sesión a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martín Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4067/1101), pola concelleira do municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

33.(174). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 29.08 AO 18.09.23. EXPTE. 1548/1102 (EXPE. PLENO 4056/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 266 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 29.08.23 ao 18.09.23) incluídas no expediente 1548/1102 (Expte. Pleno 4056/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

34.(175). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 29.08 AO 18.09.23. EXPE. 1549/1102 (EXPTE. PLENO 4057/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 29.08.23 ao 18.09.23) incluídas no expediente 1549/1102 (Expte. Pleno 4057/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.

35.(176). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO UNHA SERIE DE MEDIDAS PARA POÑER FIN AO ABANDONO DOS BARRIOS E PARROQUIAS DA CIDADE. EXPTE. PLENO 4062/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de setembro de 2023, número 4062/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

MEDIDAS PARA POÑER FIN AO ABANDONO DOS BARRIOS E PARROQUIAS DA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"Vigo non acaba no seu centro. Vigo configúrase como unha cidade policéntrica, engadíndolle ao centro tradicional ámbitos tan relevantes como As Travesas e o novo Vigo que se abre desde o PAU de Navia. A cidade non acaba no perímetro que delimitan o distrito electoral 1, senón que atinxe os seus 110 quilómetros cadrados. De Teis a Saiáns, do Casco Vello a Valadares. De Bouzas a Zamáns. Dos barrios urbanos ás parroquias rurais do litoral ou do interior. Das súas praias, que asoman a ese ecosistema privilexiado que é a Ría, até os montes que nos envolven e osixenan. No entanto, un dos elementos que, infelizmente, ten definido a política municipal nos últimos anos é o tan continuado como inxusto abandono que padecen os barrios e parroquias da cidade.

Un abandono que é especialmente inxusto e inxustificábel tendo en conta que non ten causa na falla de recursos municipais, toda vez a falla de xestión do actual Goberno municipal, centrado na propaganda e autobombo (cunha dopaxe publicitaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 267 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

financiada con diñeiro público), deixou sen executar nos últimos 4 anos un total de 436 millóns de euros como recollen os datos oficiais das Contas Xerais elaboradas polos servizos municipais. Só no pasado exercicio 2022 foron 152 millóns de euros os non executados.

Un abandono tan real como negado polo Goberno municipal que se manifesta con diferentes formas e intensidades, pero que en suma acaba por se traducir na desatención das necesidades reais das viguesas e dos vigueses. Situación que acreditan as centos de queixas veciñais que cada ano son formuladas a través do tecido asociativo, do 010 ou do sitio web do Concello, e que nunha inmensa maioría non só non son atendidas senón que nin tan sequera reciben resposta. De asuntos aparentemente pequenos a necesidades de alcance estrutural. Desde a falla de mantemento do espazo público, quer de beirarúas, mobiliario ou iluminación, quer do axardinamento. De rúas intransitábeis por peóns até capas de rodadura impracticábeis polos vehículos. Da falla de limpeza naquelas rúas e camiños menos visíbeis até as roturas continuadas na rede de abastecemento de auga. Até un moi deficiente servizo de transporte urbano.

Mais para alén daquelas cuestións que se derivan das insuficiencias e/ou deficiencias na prestación de servizos municipais cuxa xestión está privatizada e consume (en beneficio de contratas e concesionarias) case 2 de cada 3 euros do orzamento municipal, hai tamén importantes défices dotacionais na práctica totalidade de barrios e parroquias. Desde pistas deportivas en estado ruinoso até salas de lectura nas que non hai nada que ler. Instalacións municipais reducidas a espazos inertes como sucede en moitos dos actuais centros cívicos, rebautizados como oficinas de distrito, e barrios enteiros que continúan sen dispoñer de espazos axeitados para o desenvolvemento de actividades de carácter comunitario e sociocultural. E a carencia xeneralizada de servizos e dotacións destinados aos cidadados.

A falla de diálogo e os graves tics autoritarios do actual Goberno municipal están a fanar o dereito da cidadanía á participación, como pedra de toque dunha verdadeira e efectiva democracia. Mentres se suceden os anuncios de proxectos millonarios, con *renders* e infografías oportunamente filtradas e que en moitos casos nunca se tornan realidade, fundamentalmente concentrados nos ámbitos centrais da cidade, a resposta que reciben as demandas veciñais dos diferentes barrios e parroquias é, no mellor dos casos, a indiferenza en forma de silencio, e no peor, a explícita represión, exercendo toda caste de violencia administrativa e institucional contra aquelas asociacións que se atreven a denunciar as problemáticas dos seus barrios e a reivindicar as melloras que precisan e merecen.

Na mesma cidade na que un muro pode permanecer a medio caer impedindo o tránsito en vía pública durante máis de tres anos, como sucedeu no Freixeiro, cada semana hai unha espectacular e mediática visita ao ascensor HALO. Cando os parques públicos sofren un clamoroso abandono (da Riouxa até Castrelos, pasando polo Castro ou polo Liste, até chegar ao García Picher ou aos parques forestais) procurase tapar esa realidade enmacetando unha árbore-banco na Porta do Sol. Mentres os museos da cidade esmorecen, coa metade das visitas arestora das que tiñan no ano 2011, preséntase con actos fastuosos a musealización do Castro. Mentres a piscina de Teis continúa inutilizada, un ano despois, prométense unha e outra vez os mesmos pavillóns que nunca se constrúen. Ao tempo que se bloquea a recuperación para a cidade da ETEA anúnciase a multiplicación das escaleiras mecánicas na Gran Vía. Cando hai avenidas céntricas que xa suman varias humanizacións e rehumanizacións nos últimos anos, son moitos os camiños e viais nos que o Concello non investiu un euro desde hai décadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 268 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar ao Goberno municipal a:

Primeiro.- Despregar, coa participación directa do movemento veciñal na súa definición, un Programa Plurianual e Extraordinario de Investimentos para a Atención de todos os Barrios e Parroquias (PLAN CIDADE), para os vindeiros tres exercicios, financiado con como mínimo 50 millóns de euros dos remanentes municipais.

Segundo.- Impulsar a descentralización administrativa do Concello e o alargamento da participación cidadá coa creación dos Consellos Veciñais de Barrio e de Parroquia, como espazos de co-decisión que participen directamente na definición das políticas municipais e, nomeadamente, os investimentos do Concello no seu ámbito.

Terceiro.- Poñer en marcha dun sistema de orzamentos participativos que garanta a atención das necesidades do conxunto da cidade e poña fin ao déficit dotacional e de servizos que padecen os barrios e parroquias.

Cuarto.- Crear equipas e brigadas municipais para a atención áxil das necesidades de mantemento dos espazos públicos e mellorar o control das empresas concesionarias e contratadas municipais.

Quinto.- Activar a Comisión Especial de Queixas e Suxestións, permitindo a participación como convidadas permanentes de todas as entidades que fan parte do Consello Social da Cidade, para facer un seguimento mensual da resolución das mesmas por parte dos diferentes servizos municipais.

Sexto.- Implementar un visor económico municipal, con información en tempo real e series históricas, accesíbel polo conxunto da cidadanía desde o portal web do Concello, no que se recolla o grao de execución orzamentaria, desagregada por capítulo, servizo, programa e aplicación e desglosando territorialmente os investimentos por barrios e parroquias.

Sétimo.- Normalizar a relación institucional do Goberno municipal con todas as entidades do movemento veciñal da cidade, garantindo canles fluídas de colaboración para a adecuada atención das súas demandas e reivindicacións e poñendo fin a calquera tipo de represalias en contra daqueles colectivos que discrepan ou manteñen posicións diferentes ás do Goberno municipal."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira, Sra. Aguiar Castro.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 269 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4067/1101), pola concelleira do municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.09.2023 (Rex. Nº 4062/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

36.(177). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que o Goberno Municipal actúe para axilizar a execución das obras municipais en diferentes rúas da cidade, dado que é manifesto e constatábel que en moitas das mesmas unha vez iniciadas apenas se rexistran avances durante semanas, ou meses, por non ter apenas persoal traballando o que provoca importantes prexuízos para a veciñanza e establecementos comerciais da contorna e a mobilidade.

37.(178). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Que se inste ao goberno central a poñer medios para evitar os continuos atrasos que se están producindo no eixo atlántico ferroviario.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

38.(179). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. ¿Cando vai permitir o Goberno Municipal o regreso da Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao" de Vigo (FAVEC) á sede que ten, desde 1994, nun inmovible de titularidade municipal no segundo andar da Praza da Princesa número 7, de acordo co establecido no vixente convenio de cesión do mesmo, unha vez concluídas e entregadas as obras de reforma que motivaron o seu desaloxo provisional en 2021?

39.(180). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. ¿Cando pensa executar o goberno local, as ofertas de emprego público pendentes, de os case 400 postos municipais que agora mesmo hai



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 270 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vacantes, nos que se inclúe, entre outras, as tan necesarias como é o caso dos bombeiros?

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario setembro 2023
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 25 de Septiembre de 2023 09:02:05
Fecha Fin : Lunes, 25 de Septiembre de 2023 12:55:59
Duración : 03:53:54

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3372

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.1 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/3LQsxmKbPKU6QMSYCdvDmzf3qVrzcgcgFKgXlWZBbh4qcZqH.wmv>
SHA512 - 26e4172fc0becf3f9e1f6c5b2b73dffec016e5bc31ed71b16d96821a4dafd48e19f29d02b88780c61d1c5afea7da2015e00a24748e7577af7cb4309fac9e0dda

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Martín Peña, José Miguel; Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Diaz, Gorka; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
00:05:34 - Caballero Álvarez, Abel
00:05:59 : 1. Actas anteriores: extraordinario organizativo do 3.07 e ordinario do 31.07.2023.
00:06:16 : 2. Proposta para a designación da secretaria do Consello Municipal da Muller. Expte. 12338/224 (Expte. Pleno 4016/1101).
00:06:32 - Votación [9:08:29]
00:06:42 : 3. Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2023. Expte. 81/142 (Expte. Pleno 4017/1101).
00:06:50 - Aneiros Pereira, Jaime



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 271 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:11:55 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:00 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:16:58 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:17:01 - Garrido Valenzuela, Irene
- 00:21:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:21:26 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:24:33 - Caballero Álvarez, Abel

- 00:24:47 : 4. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3033/500 (Expte. Pleno 4025/1101.).
- 00:25:23 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:35:14 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:35:17 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:45:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:45:24 - Garrido Valenzuela, Irene
- 00:55:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:55:40 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:00:51 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:01:28 - Voto particular punto 5º

- 01:01:32 : 5. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3034/500 (Expte. Pleno 4026/1101).

- 01:02:03 : 6. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do IVTM. Expte. 3035/500 (Expte. Pleno 4027/1101).
- 01:02:07 - Voto particular punto 6º

- 01:02:22 : 7. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3036/500 (Expe. Pleno 4028/1101).
- 01:02:23 - Voto particular punto 7º

- 01:02:35 : 8. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3037/500 (Expte. Peno 4029/1101).
- 01:02:40 - Voto particular punto 8º

- 01:02:53 : 10. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. Expte. 3039/500 (Expte. Pleno 4031/1101).
- 01:03:03 - Voto particular punto 10º

- 01:03:16 : 11. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3040/500 (Expte. Pleno 4032/1101).
- 01:03:17 - Voto particular punto 11º

- 01:03:31 : 12. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. Expte. 3041/500 (Expte. Pleno 4033/1101).
- 01:03:32 - Voto particular punto 12º

- 01:03:50 : 13. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de medio ambiente e vida saudable. Expte. 3042/500 (Expte. 4034/1101).
- 01:03:51 - Voto particular punto 13º

- 01:04:04 : 14. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 272 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:04:06 - fogar. Expte. 3044/500 (Expte. Pleno 4035/1101).
 - Voto particular punto 14º
- 01:04:18 : 15. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos na Galería de servizos de Navia. Expte. 3045/500 (Expte. Pleno 4036/1101).
 01:04:19 - Voto particular punto 15º
- 01:04:36 : 16. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. Expte. 3046/500 (Expte. Pleno 4037/1101).
 01:04:37 - Voto particular punto 16º
- 01:04:50 : 17. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3047/500 (Expte. Pleno 4038/1101).
 01:04:51 - Voto particular punto 17º
- 01:05:05 : 18. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para este e participación noutras actividades ou programas. Expte. 3048/500 (Expte. Pleno 4039/1101).
 01:05:06 - Voto particular punto 18º
- 01:05:22 : 19. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3049/500 (Expte. Pleno 4040/1101).
 01:05:24 - Voto particular punto 19º
- 01:05:38 : 20. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. Expte. 3050/500 (Expte. Pleno 4041/1101)
 01:05:39 - Voto particular punto 20º
- 01:05:53 : 21. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes. Expte. 3051/500 (Expte. 4042/1101).
 01:05:54 - Voto particular punto 21º
- 01:06:08 : 22. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta Vigo-Zoo. Expte. 3054/500 (Expte. Pleno 4043/1101).
 01:06:09 - Voto particular punto 22º
- 01:06:23 : 23. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos e subministración de auga potable, rede de sumidoiro, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 3052/500 (Expte. 4044/1101).
 01:06:25 - Voto particular punto 23º
- 01:06:38 : 24. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos. Expte. 3027/500 (Expte. Pleno 4045/1101).
 01:06:39 - Voto particular punto 24º
- 01:07:07 : 4. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3033/500 (Expte. Pleno 4025/1101.)
 01:07:08 - Votación dictamen punto 4º



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 273 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:07:34 : 5. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3034/500 (Expte. Pleno 4026/1101).
- 01:07:38 - Votación dictamen punto 5º
- 01:07:52 : 6. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do IVTM. Expte. 3035/500 (Expte. Pleno 4027/1101).
- 01:07:55 - Votación dictamen punto 6º
- 01:08:13 : 7. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3036/500 (Expe. Pleno 4028/1101).
- 01:08:16 - Votación dictamen punto 7º
- 01:08:29 : 8. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3037/500 (Expte. Peno 4029/1101).
- 01:08:45 - Votación dictamen punto 8º
- 01:08:57 : 9. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes. Expte. 3038/500 (Expte. Pleno 4030/1101).
- 01:08:59 - Votación dictamen punto 9º
- 01:09:09 : 10. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. Expte. 3039/500 (Expte. Pleno 4031/1101).
- 01:09:10 - Votación dictamen punto 10º
- 01:09:21 : 11. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3040/500 (Expte. Pleno 4032/1101).
- 01:09:22 - Votación dictamen punto 11º
- 01:09:35 : 12. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais. Expte. 3041/500 (Expte. Pleno 4033/1101).
- 01:09:37 - Votación dictamen punto 12º
- 01:09:48 : 13. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de medio ambiente e vida saudable. Expte. 3042/500 (Expte. 4034/1101).
- 01:09:49 - Votación dictamen punto 13º
- 01:09:59 : 14. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar. Expte. 3044/500 (Expte. Pleno 4035/1101).
- 01:10:01 - Votación dictamen punto 14º
- 01:10:10 : 15. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos na Galería de servizos de Navia. Expte. 3045/500 (Expte. Pleno 4036/1101).
- 01:10:11 - Votación dictamen punto 15º
- 01:10:22 : 16. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. Expte. 3046/500 (Expte. Pleno 4037/1101).
- 01:10:24 - Votación dictamen punto 16º



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 274 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:10:35 : 17. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3047/500 (Expte. Pleno 4038/1101).
- 01:10:36 - Votación dictamen punto 17º
- 01:10:44 : 18. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para este e participación noutras actividades ou programas. Expte. 3048/500 (Expte. Pleno 4039/1101).
- 01:10:46 - Votación dictamen punto 18º
- 01:10:57 - Votación dictamen punto 19º
- 01:10:57 : 19. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3049/500 (Expte. Pleno 4040/1101).
- 01:11:08 : 20. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. Expte. 3050/500 (Expte. Pleno 4041/1101).
- 01:11:11 - Votación dictamen punto 20º
- 01:11:21 : 21. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes. Expte. 3051/500 (Expte. 4042/1101).
- 01:11:22 - Votación dictamen punto 21º
- 01:11:33 : 22. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta Vigo-Zoo. Expte. 3054/500 (Expte. Pleno 4043/1101).
- 01:11:35 - Votación dictamen punto 22º
- 01:11:47 : 23. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos e subministración de auga potable, rede de sumidoiro, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 3052/500 (Expte. 4044/1101).
- 01:11:49 - Votación dictamen punto 23º
- 01:11:59 : 24. Aprobación inicial da Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos. Expte. 3027/500 (Expte. Pleno 4045/1101).
- 01:12:00 - Votación dictamen punto 24º
- 01:12:13 : 25. Aprobación inicial da Adaptación do texto da ordenanza fiscal das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais-XER á redacción do artigo 20 do TRLRFL , pasando a ser a ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de estacionamento de vehículos na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo. Expte. 3053/500 (Expte. Pleno 4046/1101).
- 01:12:15 - Votación dictamen punto 25º
- 01:12:29 : 26. Proposta de ampliación de prazo para acadar a aprobación provisional do documento de revisión do PXOM do Concello de Vigo. Expte. 710/406 (Expte. Pleno 4051/1101).
- 01:12:45 - Caride Estévez, María José
- 01:17:54 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:17:57 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:23:03 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:23:05 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 275 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:28:35 - Caballero Álvarez, Abel
 01:28:42 - Caride Estévez, María José
 01:31:53 - Caballero Álvarez, Abel
 01:32:02 - Votación [10:33:54]
 01:32:44 - Minuto de silencio
- 01:33:42 : 27. Moción do grupo municipal do Partido Popular contra a tramitación dunha Lei de Amnistía e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4061/1101.
- 01:33:54 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 01:38:51 - Silva Rego, Carmen
 01:38:54 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:44:30 - Silva Rego, Carmen
 01:44:35 - López Font, Carlos
 01:49:40 - Silva Rego, Carmen
 01:49:43 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 01:49:50 - Silva Rego, Carmen
 01:49:54 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 01:52:59 - Silva Rego, Carmen
 01:55:22 - Votación [10:55:01]
- 01:55:48 : 28. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de Loita contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil, dotado con recursos económicos e medidas efectivas, e outros acordos complementarios. Expte. 4063/1101.
- 01:56:24 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:01:05 - Silva Rego, Carmen
 02:01:12 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:05:29 - Silva Rego, Carmen
 02:05:37 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:09:09 - Silva Rego, Carmen
 02:09:13 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:12:22 - Silva Rego, Carmen
 02:12:41 - Votación [11:14:40]
- 02:12:51 : 29. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Xunta de Galicia a acometer a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo, así como a mellorar os seus accesos. Expte. Pleno 4064/1101.
- 02:13:07 - López Font, Carlos
 02:18:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:18:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:23:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:23:37 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:26:30 - López Font, Carlos
 02:29:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:30:04 - Votación [11:31:52]
- 02:30:24 : 30. Moción do grupo municipal Socialista a instar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra a continuar co compromiso dun financiamento conxunto do 50% para a execución do proxecto da NOVA GRADA DE GOL. Expte. 4065/1101.
- 02:35:35 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:36:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:36:09 - Garrido Valenzuela, Irene
 02:36:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:36:26 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:36:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:36:41 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:36:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:37:08 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:37:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:38:01 - Abalde Comesaña, Filipe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 276 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:43:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:43:05 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 02:48:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:53:14 - Votación [11:53:02]
- 02:53:40 : 31. Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e polo tanto ao Presidente da Xunta de Galicia, os investimentos necesarios para que os centros públicos de Vigo teñan unhas infraestruturas adecuadas á nova realidade educativa. Expte. Pleno 4066/1101.
- 02:54:08 - Alonso Suarez, María Olga
 02:59:18 - Espinosa Mangana, Elena
 02:59:21 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:03:39 - Espinosa Mangana, Elena
 03:03:44 - Martín Peña, José Miguel
 03:08:15 - Alonso Suarez, María Olga
 03:11:31 - Espinosa Mangana, Elena
 03:11:58 - Votación [12:13:37]
- 03:12:21 : 32. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que asuma o financiamento íntegro do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle son propias. Expte. Pleno 4067/1101.
- 03:13:23 - Sanchez Mendez, Luisa María
 03:13:34 - Espinosa Mangana, Elena
 03:14:13 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:18:53 - Espinosa Mangana, Elena
 03:18:59 - Martínez Piñeiro, Ana
 03:23:04 - Espinosa Mangana, Elena
 03:23:13 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:26:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:26:52 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:30:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:30:19 - Votación [12:32:04]
- 03:30:44 : 33. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 29.08 ao 18.09.23. Expte. 1548/1102 (Expe. Pleno 4056/1101).
- 03:30:56 : 34. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 29.08 ao 18.09.23. Expe. 1549/1102 (Expte. Pleno 4057/1101). Mocións.
- 03:31:08 : 35. Moción do grupo municipal do BNG propoñendo unha serie de medidas para poñer fin ao abandono dos barrios e parroquias da cidade. Expte. Pleno 4062/1101.
- 03:31:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:36:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:36:34 - Martín Peña, José Miguel
 03:40:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:47:41 - Martín Peña, José Miguel
 03:47:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:47:57 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:51:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:51:23 - Votación [12:53:12]
- 03:51:43 : 36. Formulación de rogos.
 03:51:46 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:52:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:52:23 - Martín Peña, José Miguel
 03:52:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:52:34 : 37. Formulación de preguntas
 03:52:37 - Martínez Piñeiro, Ana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 277 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

03:53:05 - Martín Peña, José Miguel
03:53:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

-- o --

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 17/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Pardo Espiñeira
Elena Espinosa Mangana
Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda

DILIXENCIA:

Dona Elena Ares Salgado, secretaria xeral acctal. do Pleno por xubilación do titular D. Jose Riesgo Boluda, fago constar que esta acta foi aprobada no Pleno ordinario do 30 de outubro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 278 de 278
4105-1101	CSV: A2AD31-DH352B-473HE8-YWEL49-8CEM71-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		